




W. L. Mumford


1887

GALLEGGADA —

VALENTIN L. CARVAXAL







USC

UNIVERSITY OF
SOUTHERN CALIFORNIA
DEPARTMENT OF
COMPOSITES

491374

L. Pablini. 105.

GALLEGADA.

8180.51

UNIVERSITY OF CALIFORNIA

R. 3813

VALENTIN L. CARVALAL

GALLEGADA

TRADICIÔS, COSTUMES, TIPOS E CONTOS
D' A TERRIÑA

TOMO I



1887

Imprenta d' O ECO D' OURENSE

Alba, 15, baixo



Ô ESCELENTISIMO
SEÑOR D. VICENTE PEREZ E PEREZ

RECORDO DE SIMPATÍA E AMISTADE.

UNIVERSITY OF CALIFORNIA
LIBRARY

Ô LEUTOR.

Estas follas non teñen mais validenza que o espírito gallego que n-elas campa.

Un libro de prosa gallega facíase preciso agora que alá lonxe, n-os hourizontes d' o porvir parês que escomenzan á refulxir os albóres d' a nosa rexeneracion, en ardentés cántigas saudada por Rosalía de Castro, laudada pol-o inspirado Añón, presentida pol-os nosos ilustres xénios, alentada en arroubadoras e terras trovas pol-os nosos lembrados poetas.

En Galicia, n-este adourado currunchó d' a terra española, entr' os seus montes coroados de vides, n-as suas alboradas inzadas de páxaros palreiros, n-as suas campías que amostan os paisaxes mais feizadores, n-os seus vals esmaltados de frores e sempre esprandorosos e recendentes, arden perenes e vivos e teñen altares e culto en total-as almas o sentimento d' o patriotismo, a fé d' a nosa raza, a esperanza d' o noso porvir.

Galicia non morrerá namentres que latexe un corazón que deprendese á amar n-estas frondentes ribeiras, qu' escomezase á sentir baixo d' estes ceos refulxentes de luz, e c'os recordos que fan espaxados n-os seus ruinosos mosteiros, n-as suas vetustas cirexas, n-as suas solitarias ermidas, n-os seus esqueletos de castelos, que non se desfán por encontrarse agarimados pol-a odra; n-os seus castiñeiros seculares, n-os seus poéteos cruceiros de pedra e n-as esmorecidas cruces de pau que s' erguen n-as enruelladas d' o camiño, lembrándolle ô camiñante a morte ou a desgracia d' algun d' os fillos d' esta terra d' a poesía, d' o amor, d' o sentemento e d' o arte.

Non sentimos o tolo amor que lle temos hastra dempois de que os azares d' a vida nos levan lonxe d' ela.

Como todol-os grandes amores, o que nós sentimos por Galicia, latexa, vibra e vaise afondando en sacreto; as saudades son as agarimosas compañeiras que nos deprenden ese amor, as virtuosas maestras que nos levan pol-a mau por ese camiño de rexeneracion y-adianto. Por eso inda que parezamos desleigados, inda que deixemos en aculto a pureza d' as nosas costumes, inda que as nosas tradiciõs s' esquezan, como non s' apagou a luz d' a nosa fé nin d' o noso amor, á tempadas surxen d' as cinsas d' o abatemento presente, as labaredas d' o esprando e d' as gromias d' o pasado.

A gaita xa euaseque non soa n-as nosas romaxes, a monteira xa euaseque non campa n-as nosas cabezas; o gallego euasementes non se fala; parés como que temos vergonza de ser o que fumos, e de conservar o que herdamos; mais si os estranos non ven õs gallegos e' o seu traxe e co-a sua verdadeira fisonomía, vémol-os nosoutros por fortuna inda hoxe, tan enxebres, tan feitizados pol-a meiga d' o amor d' a terra como n-os tempos vellos.

Con espertar o sentemento que dorme n-os espritos, con arremover as aparencias que nos cobren, con dar unha sinal entre o concerto d' as costumes modernas, como n-as trulladas onte respondian õs aturuxos, responden hoxe todos õ sentemento d' o patriotismo.

O GAITEIRO DE RIANXO

Fillo d' aquela raza d' artistas que n-as romaxes d' a nosa terra foron n-outros tempos encanto d' as rapazas, legría d' os nenos y-axudante d' os mozos trouleadores, o gaitero de Rianxo pasou a sua mocidade n-a compañía d' os maordomos, sendo agasalado pol-os señores abades e vivindo de riola n-as vilas e n-as aldeas, onde foncho campaba pol-os seus respetos, sin mais traballo que o que lle custaba o poñer os dedos n-o punteiro, gobernar o ronco y-enchér o fol á forza de soprar. Mais aquelas prêmencias fóronse, o imperio d' a gaita pasou, en apinion d' os sabidos pra non volver, y-escomenzaron as saudades á facer preixa n-o corazon d' o noso gaitero, que com' as nenas namoradas, sin deprocatarse d' elo, deu en caír n-o mais triste d' os esmorecementos. Metéuselle a morriña n-a alma como si fose un meigallo, e si non chorou deixándose levar pol-as suas coitas, é porque non parecen ben as vágoas n-os homes, e facia esforzos pra non chorar; mais n-o medio

d' as suas estraniás, cando as comenencias fuxian pra deixaren canto ôs sentementos internos, non sendo dôno de sí, inda que non choraba engradábanse-lle os ollos.

¿Sabendes por qué sentía esmorecementos o gaiteiro de Rianxo?

Tocoulle por mala fada vivir n-o tempo en que os gaiteiros escomenzaron á debecer. Os recordos d' onte misturados c' os presentementos d' o porvir, amostrábanse diante d' os seus ollos como espavorentador pantasma.

Pol-o camiño que levaban as cousas, á xuzgar pol-o desleigamento que n-o tocantes á gaita deu en contaminar ôs fillos de Galicia, os gaiteiros ¡mal podados! pra non morrer en ningures â mioca, tiñan que trocar o sacho pol-a gaita ou adoeecer co-a fame agarrados á ela n-un curruncho.

Desque os cornetís de piston y-os demais instrumentos de metal, en endiañada xuntanza, e compondo unha murga atroadora, deron en collerlle o canto ôs gaiteiros n-as trulladas e n-as romaxes, como si respondese á un pensamento d' o inferno, deron tamen os maordomos en esquecerse d' os que tocaban a gaita, pois inda que os chamasen, non lles daban alá moito tino que digamos, y-o qu' era pior, non se coidaban como dinantes de que s' alcontrasen satisfeitos e mollasen á miudo a palleta.

Aquel esquecemento deulle mala espiña. Tempo dempois a cousa xa presentou un carís mais negro. Como si ôs maordomos non lle botasen o ramó o son d' a gaita, non chamaban ôs gaiteiros pr' as festas, e de chamalos, non era pra que foran tocando n-a precesion, niñ pra que tocaseñ o agarradiño ou a muiñeira n-o turreiro, segun resolvesen os mozos que mais berraban e que millores fungeiros traquian n-a mau, sinon qu' era ¡ay Maria Santísima!, pra que fosen tocando detrás d' o porco, ou d' a tou-ra que se rifaba pr' axuda d' os gastos.

O orgullo d' o gaiteiro alcontrábase ferido; aqúello púñao fôra de sí, y-a xenreira que lle collera ôs músecos d' a murga d' o demo, com' él dicía, non tiña comparanza co-a xenreira que os ladrós lle teñen ôs gardas civís.

Si un á un poidese collelos á terbo entr' us pene-dos, n-unha carballeira, ou onde ninguén o vise pra que n-o dia de mañá non foran á servir de testigos n-a xusticia, que malos lobos me non coman si non ll' esfachicaba os istrumentos n-os fuciños, de xeito que non lles quedase gana de volver á collelos pra lle facer a contra ôs crásicos gaiteiros, que pol-a tradicion, pol-a costume, pol-o esprandor d' o arte, tiñan millor dereito á tocar n-as romaxes d' a nosa terriña gallega.

‘O cabo de tempo os esmorecementos y-as xen-reiras, e mais que todo a consideracion de que co-a gaita non se ganaba pra sal, porque os encargados d' as festas acabaron por non chamar ô gaiteiro, trocaron o artista en labrador, y-aquelas maus afeitadas ô punteiro, acabaron por acostumarse á turrar d' o sacho.

¡Seu traballiño lle custou afacerse! Así como así non é o mesmo tocar n-a gaita que cavar n-as terras.

O gaiteiro de Rianxo, dempois d' unha loita so-mellante á de Prometeo, e botando unha pinga á maores, pra ter ánemos, colgou a gaita como quen colga un touciño; pro colgouna á veira d' o seu leito, como o loitador que s'alcontra vello poidera facer e' os trofeos que lle lembrasen as suas vitorias, e por máis que ô espertar pol-as mañanciñas a viu moitos dias diante d' os seus ollos, sempre que a miraba fito á fito, dábanlle antoxos de volver ás andadas, de rezusitar como ave Fénix d' as suas cinsas outra vez gaiteiro. Pro as realidás d' a vida barríanlle aquelas ideas.

Pasaron anos: a gaita, esquecida pol-o seu mesmo

dôno foise cobrindo de polvo; un rayo d' unha rata arrombada, como total-as qu' están á punto de ser nais, non facía mais que andar á esculca d' un cantíño onde poidera con toda confianza ter asegurada a cria: e debeu escoller o istrumento pra facer o niño, porque unha noite non tivo vagar de mais prêsa que poñerse a roer n-o fol, y-â forza de roer logrou afuracalo, e dempois d' idas e voltas, de noites e noites, e de carrexar anaquiños de papés, deu por acabada a angueira, e dempois... chegoulle o seu mal paso e trouxo nove ratos d' unha asentada.

N-este medio tempo casouse a filla mais nova d' o gaiteiro de Rianxo, moza de dazasete Abrís, con dous ollos como dous soles, con duas meixelas como duas cereixas, e' un corpo xeitosiño como poucos, e e' us cabelos que mesmamente parecían manelas d' ouro.

A legría que houbo n-a casa foi moita; mais nin por esas lle dira ô gaiteiro por descolgar a gaita pra festexala. Púñalle medo como si a vise unha fada. Pero â forza de beber viño e de correr a xerra n-a roda, foi o gaiteiro quecendo, escomenzou á ferverlle a sangue, e sintiuse como n-os seus millores anos.

Os mozos e mozas que assistiran â boda escomenzaron á atruxar, e deprocatándose de que non hay festa sin baile, pidíronlle ô gaiteiro que tocasse a gaita. ¡Que si queres! Nin por aquelas s' emprestou á compracelos!

—Falemos d' outra cousa—respondeu secamente.

Mais o demo, que non dorme, fixo con que o fato de mozas churrusqueiras qu' alí s' atopaban, puxesen â noiva en rogativa pra que lle pidise ô seu pã que tocasse â sua honra unha muiñeira, unha sola muiñeira. Acedeu a filla ôs rogos, e foise ond' o pã co-a encomenda, dándolle unh' aperta muy apertada, e dicíndolle ademais, que xa que aquela era a derradeira noite que durmía n-a sua casa, non lle negase o favor que lle pidía.

O probe d' o pái rompeu á chorar é cuáseque entre salayos díxolle: «Por respetos ô que me dís, collerei a gaita; pro fágocho de mala gana. Xurei non collela mais n-a miña vida, e fasme quebar o xuramento. ¡Ogallá que Dios non m' o tome en conta!» Colleu un candil, e como quen vai á forea, tomou o camiño d' o cuarto onde tiña o seu leito. Pousou o candil n-unh' artesa, sautiguouse como si arrenegase ô demo, abantou n-a cabeceira e descolgou a gaita.

E maus á obra, púxose á facer os primeiros ensayos, non sin que lle custase montes e moreas o limpala.

Gobernou o ronco, c' un pouco de cuspe mollou a palleta—nova caste de molladuras co-a que non s' avirán nunca os gaiteiros—e deuse á soprar o mais que poido. ¡Como si soprase ô lume, a gaita non soaba! Rosmou entre dentes e apertou con rábecha o codo d' a mau direita contr' o fol. A apertadura surtiu efectos, porque se oubiron algús chios; pro lonxe de seren somellantes ôs d' a gaita, eran muy pol-a contra; calquera xuraría qu' aquelas chios non eran mais que os chios que dan os ratos novos cando bulen n-ós niños.


—¿Seica m' atentas?—marmurou o gaiteiro, e xa se dispuña á soprar de novo y-á darlle outr' aperta ô fol, cando á luz d' o candil viu pol-os seus mesmos ollos, brincar, un tras outro, nove ratos pequeniños y-unha rata com' un coello, que fuxian d' as entranas d' o fol.

O xuramento qu' estonces botou non vol-o digo. Botouno redondo como non-o botara n-a sua vida, e dempois de xurar escramou con coraxe tirando a gaita n-o chau: «¡Anda e que te colla o demo, qu' eu namentres viva en Galicia non volverei á coller a gaita, xa que pol-a mor d' os gallegos d' agora caiu en poder d' os ratos!»

Vendo os mozos e mozas que compuñan a corte

d' a boda que o gaiteiro de Rianxo tardaba en vir, foron de car' á ond' estaba y.enteiráronse d' o conto.

Pra eles o caso foi de mal agoiro, e non 'era milagre. Tamen é de mal agoiro pr' o espírito tradicional d' a nosa terra, que non se toque a gaita n-as romaxes, e que os gaiteiros se vexan tan esquecidos e tan aldraxados:



AS TRES MISAS D' O GALO

CONTO DE NOITE-BOA

(TRADUCIDO D' ALFONSO DAUDET)

I

—¿Conque dous pavos trufados, Garrigou?

—Sí, señor abade; dous pavos maníficos acugulados de trufas. Séino e séino ben, porque fun eu quen axudei á enchelos. Mesmo parecía qu' o pelexo lles iba á toupar ô asalos.

—Nunca Dios me dera! ¡Eu que tanto me degoro pol-as trufas! Dame acá logo a pelliz, Garrigou. E á maores d' os payos, ¿qué mais viche pol-a cocíña?

—Habíalle de todo: o demo y-a nai. Dende pol-a mañá non fixemos outra cousa que deprumar faisás, perdices e capós. Dempois trouxéronlle d' o estanque, anguías, carpas douradas, troitas, salm...

—¿E cómo eran as troitas de grosas, Garrigou?

—Ánsi de grosas, señor abade, tremendas. ¡Asús! parêsmeme que as estou vendo.

—¿Botache o viño n-as vinaxeiras?

—Botei, señor abade; pro abofellas que non chega c' o que vai beber dempois d' a misa. Si vira vosté n-o comedor d' o castelo todos aqueles garrafós que

lostregan cheos de viño de todos coores. Y-o servicio de prata, os centros cincelados, as froles, os candalabros!... Nunca se viu Noite-Boa somellante. O señor marqués convidou á todol-os fidalgos d' os arredores. Serán vostés pol-o menos corenta á cear, fora d' o señor xuez e d' o escribáo. ¡Señor abade, que sorte a sua en ser d' os agasallados! Nada mais que c' o cheiro d' os pavos tan garridos, o arrecender d' as trufas en ningures me deixá.

—Vaya, vaya, filliño, gardémonos d' o pecado d' a gula, sobre todo n-a Noite-Boa. Vai aixiña á al-cendel-as velás y-á dar o promeiro toque pr' a misa, porqu' están á cair as doce e temos que nos dar prê-sa pra que non agarden.

Esta conversa tivérona a Noite-Boa d' o ano de gracia de mil seiscentos e tantos, fray Balaguer, antigo prior d' os Barnabitas, estonces capellan d' os señores de Trinquelague, y-o seu monecillo Garrigou, ou pol-o menos o qu' él pensaba qu' era o seu monecillo Garrigou, porque habendes saber que o demo aquela noite escollera o riseiro rostro y-as infantís fauciós d' o rapaz pra facer cair ô reverendo en tentacion logrando que cometese un arripiante pecado de gula.

Namentrés, pois, qu' o chamado Garrigou (hum! hum!) turrando de renegon pol-a corda facia repiñicar as campás d' a ermida señorial, o reverendo acababa de revestir a cásulla n-a pequena sancristía d' o pazo, e c' o espritu xa revoltó con todas aquelas descriuciós gastronómicas, marmuraba pra contra sí ô vestirse aprêsa: «Pavos asados... carpas douradas... troitas así de grosas!»

Por fora, o vento d' a noite bruaba aspalland' os ecos d' as campás, e por tempos surxian milleiros de luces entr' as sombras pol-as hondonadas e congostas d' o monte Ventoux, n-a cume d' o que s' erguían as vellas torres de Trinquelague. Eranvos familias de caseiros que viñán á oubir a misa d' o galo n-o

castelo, rubindo a costa, cantando por fatos de cinco ou seis, o pái diante c' o fachon alceso n-a mau, as mulleres envoltas n-os seus folgados mantelos de picote, baixo d' os que s' acochaban os pequerrechos. Sin s' acorar pol-a hora e pol-o frio tod' aquela boa xente camiñaba leda c' o pensamento de que ô sair d' a misa terían, como todol-os anos, mesa posta pra cear â fartura abaixo n-a cociña. De cando en vez, n-a empinada costa, a carroza d' un fidalgo, precedida d' hemes con fachas, faguia lostregar seus vidros o crarisco d' a lua, ou ben unha mula trotaba sacodindo as campaiñas, y-ôs esprandores d' os fachôs velados pol-a brétema, os caseiros reconecian ô seu xuez e saudábano ô paso:

—Teña usía boas noites, ás boas noites, señor Arnoton.

—Boas noites, boas noites, filliños.

A noite estaba crara, as estrelas avivadas pol-o frio, o courisco tollia, e unha xiada miuda escorríndose pol-os vestidos sin mollalos, gardaba enxebre a tradición d' as Noites-Boas, brancas pol-a neve. Aló enriba n-o picouto, o castelo amostrábase como término d' a camiñata, co-a sua masa enorme de torres, de tellados, o campanario d' a sua ermida erguéndose n-o ceo azul mouro, e o furnigear d' as luceciñas que pestanexaban, iban, viñan, bulian por total-as ventanas, e somellábanse, n-o fondo escuro d' a morada, ás muxícas rastrexando pol-as cinsas d' o papel queimado. Pasado o ponte levadizo y-a poterna, precisábase pr' entrar n-a ermida, traspor o promeiro patio cheo de carrozas, de criados, de sillas de mau, todo esprandecente c' o lume d' os fachós e co-a labareda d' as cociñas.

Escoitábase o chirrar d' os espetos, o estrépeto d' as cazolas, o tinguilear d' o cristal e d' a prata remexidos n-as angueiras d' unha cunvidada: e por riba d' esto, un bafo quente que arrecendía á carnes asadas e ás cheirosas herbas d' os enrevesados prebes,

facialles dicir ôs caseiros, com' ô capellan, com' ô xuez, com' á total-as xentes:

—¡Qué boa cea vamos ter dempois d' a misal

II

Dilín! Dilín! Dilín! Dilín!

Comenza a misa d' o galo. N-a ermida d' o castelo, unha catredal en miniatura, d' arcos enrevesados, con revestementos de madeira tallada que chegan hastr' o mais alto d' as paredes, colgáronse todol-os cortinaxes, alcendéronse todol-os cirios. ¡E canto xentío! ¡E que traxes! Promeiramente, sentados n-os sillós esculpidos que arrodean o coro, o señor de Trinquelague, vestido de tafetan coor de salmon, e preto d' él todol-os nobres fidalgos cunvidados. Diante por diante, en reerinatorios cobertos de terciopelo, colleron canto a vella marquesa viuda c' o seu traxe de brocado coor de fogo, y-a xóven señora de Trinquelague, que locía n-a cabeza alta torre d' encaixe, rizada á xeito d' a corte de Francia. Mais embaixo, campan, vestidos de negro con longas pelucas en punta e co-as caras afeitadas, o xuez, Tomás Arnoton y-o escribaio señor Ambroy, duas notas graves entr' as sedas rechamantes y-os damascos bróchados. Dempois veñen os fonchos maordomos, os paxes, os picadores, os intendentes y-a señora Bárbara, con total-as chaves depinduradas ô costado, d' un chaveiro de prata fina. 'O fondo, n-os bancos, alcontrábase a baixa servidume, as mozas, os caseiros co-a sua xente: e por fin, alá lonxe, arrente d' a porta qu' entabren e volven á pechar á modiño, os señores marmitós que veñen entre dous prebes á coller un anaco de misa y-á deixar un certo cheiro á cea n-a eirexa, festexeira e quente con tantos cirios alcesos.

«É a vista d' os gorretes brancos d' os rapaces d' a cociña, a causa d' as distraucións padecidas pol-o cura? ¿Ou será mais ben a campaña de Garrigou, a enrabeçada campaña qu' estrapexa ô pé d' o altar con fúria infernal, e parés dicir tod' o tempo: «Á presa... Á prêsa... Canto mais cedo acabemos, mais cedo nos poremos á cear?» O certo é que sempr' e cando soa aquela campaña d' o demo, o crego esquecese d' a misa e non pensa mais que n-a cea. Maxínase as cociñas barulleiras, os fornos onde arde lume de fragua, o bafo que foxe d' os testos entrabertos, e antr' o bafo dous pavos magníficos, acugulados, creschos, xaspeados de trufas...

Ou ben ainda mais, olla pasar ringlas de paxeciños levando traballosamente pratos e mais pratos despedindo cheiros tentadores, e co-eles coida entrar n-a gran sala xa porparada pr' o festin. Madre Santísima, o que alí hai! A longa mesa toda esprandecente e chea, os pavos co-a galanía d' as prumas, os faisás estendendo as súas áas douradas, as botellas coor de rubí, as pirámides de froitas entr' as verdes polas e aqueles pescados diñinos de que falaba Garrigou (non era mal Garrigou) espaxados n-un leito de fentos, co-as escamas de nacre como s' acabasen de sair d' as augas e c' un ramalliño d' arrecendentes herbas espetado n-os seus fuciños de móustos. Tan latexante é a vision d' aqueles feitizos, que lle parece á fray Balaguer que todos aqueles pratos admirabilísimos s'irvenllos diante d' os seus ollos sobre d' os bordados d' o pano d' o altar, e duas ou tres veces, en lugar d' o pano d' o altar, e duas ou tres veces, en lugar d' o *Dominus vobiscum* marmura entre dentes o *Benedicite*. Aparte d' estes cativos erros, o bendito crego vai enxergando os latinorios concenzudamente, sin saltar un ringuilon, sin deixar de facer unha xenufleusion, e todo vai ben hastr' o arremate d' a promeira misa: porque todos sabedes que a Noite-Boa tén o mesmo crego que dicir tres misas arreo.

«Xa vai unha!» dí pra contra sí o señor abade c' un suspiro de folgo: dempois, sin perder un minuto, faille sinal ô seu axudante, ou á quen pensaba qu' era o seu axudante.

Dilín! Dilín! Dilín! Dilín!

Escomenz' a segunda misa e co-ela o pecado de fray Balaguer. «¡Á prêsa, mais á prêsa, mais á prêsa!» bérralle co-a sua voz áspra a campaña de Garrigou, e d' esta o coitado misante, dándose xa ô demo d' a gula, deprúzase sobre d' o misal e engulle as follas reloucando de fame. Arrautado, báixase, érguese, encabala os cristos, as xenufleusiós, abre- via os testos pr' arrematar aixiña. Cuasementes que non estende os brazos ô evanxelio nin bate n-o peito ô *Confíteor*. Ambos e dous, crego e sancristan, disputan á quen debullará os latís mais á prêsa. Versículos e responsos entropazan, arrempúxanse; as palabras, á medio dicir, co-a boca pecha, por non perdel-o tempo en abril, morren d' as gornas pra drento.

Oremus ps... ps... ps...

Mea culpa... pa... pa...

Cal vendimadores que de bolina espremen o vago n-as cubas, os dous enchárcanse n-o latin d' a misa, póndose pingando co-as salpicadelas.

Dom... scum!—dí fray Balaguer.

...*Stutuo!*—responde Garrigou, e namentres a condanada d' a campaña non para de soar n-as suas orellas, á xeito d' os cascabeles que se lles poñen ás bestas de tiro pra que camiñen á galope, Xa vos deprocatandes de que por esta carrileira unha misa rezada non tén moitas tripas.

«¡Alá van duas!» dí o crego abofexando; e á seguida, sin darse tempo pra folguexar, roxo, sudando, baixa as escaleiras d' o altar á reboladas e...

¡Dilín... dilín... dilín... dilín!

Escomenza a derradeira misa. Alcóntranse á poucos pasos d' a mesa d' o comedor; mais ¡ay! que

canto mais á terbo teñen a cea, o coitado frade síntese apreixado por unha impacencia e unha gula tolas. A súa vision arrechégase e toma corpo; as carpas douradas, os pavos asados están alí, alí... Apálpaas... cheir... Ouh, Dios! Os pratos fumegan, os viños arrecenden, e sacodindo o seu enrabechado cascabel, a campaña bérralle:

—Á prêsa, á prêsa, inda mais á prêsa!

¡Pero como mais á prêsa! ¡Si cuáseque non move os lábeos! ¡Si xa non pronuncia as palabras! A non ser que s' estreva á comer a misa sin medo á Noso Señor! Meu dito, meu feito; de tentacion en tentacion, empeza por pasar un versículo, logo dous. Dempois a epístola réndelle moito e volve a folla dinantes d' acabala, abanta pol-o evanxelio, fuxe por diante d' o credo, brinca pol-o *pater noster*, sauda de lonxe o prefacio, e á brincos y á tumbos afúndese n-a condanacion eterna seguido pol-o infame Garrigou (*vade retro, Satánás*) que ll' axuda á maravilla, érguelle a casulla, volve as follas á páres, tropeza c' os atriles, tumb' as vinaxeiras, e sin darse vagar estrapexa qu' estrapexa n-a campaña de cada vez mais forte, de cada vez mais á prêsa!

O que tén que ver é a cara arrepiada que poñen os devotos! Obrigados á s' axustar ôs xestos d' o erego n-aquela misa, d' a que non ouzan unha palabra, érguense us cand' outros se poñen de xinollos, estes séntanse mentras aqueles s' erguen, e total-as cirimonias d' aquela embarullada misa mistúranse n-os bancos n-un revulicio de movementos de total-as castes. A estrela d' a Noite Boa n-as corredoiras d' o ceo, camiño d' o presebiño d' aló embaixo, esmorece medorenta vendo aquela barafullada...

«O capellan corre moito... Non se pode seguir...» marmura a señora marquesa sacodindo espavorentada a súa cofia. O señor Arnoton c' os seus gran-

des anteollos d' aceiro encabalados n-a nariz, escutca por onde vai n-o seu devocionario. Mais, n-o fondo, tod' aquela boa xente, que tamen soña co-a cea, non sinte qu' a misa vaya así de corripias, e cando fray Balaguer, con rostro esprandecente, vólvese escontra os feigreses, berrando á mais non poder: *Ite, missa est*, non hay sinon unha voz n-a ermida pra lle responder un *Deo gratias* tan rebulidor, tan churrusqueiro, que xa parés que o dintados á mesa n-o primeiro brindis d' a cea.

III

Cinco minutos dempois todos aqueles señores sentábanse á mesa, tend' ô señor abade n-o medio. O castelo, esprandecente de luz d' enriba á embaixo, estremuñaba de cantos, de berros, de carcaxadas, de marmullos, y o venerable fray Balaguer espetaba o seu trinchante n-unha âa de capon, afo-gand' o remordemento d' o seu pecado baixo regueiros de viño d' o papa e xugo de carnes. Tanto bebeu e comeu o probe santo varon qu' estoupou aquela noite d' un tremendo ataque, sin haber tido xiquera tempo de s' arrepentir; pola mañanciña cedo chegou ô ceo, inda rebuldeiro d' as festas d' a noite, e agora maxínense vostés d' a maneira que o recibiron aló:

—Non te quero ver diante de min, mal cristiano—díxoll' o Xuez Supremo, Noso Señor.—O teu pecado é grande d' abondo pra borrar unha vida enteira de virtú... Ah! tí comícheme unha misa d' o galo!... Pois ben, hasme de pagar trescentas n-o seu canto, e non entrarás n-a groria namentres non haxas celebrado n-a tua mesma ermida esas trescentas misas de Noite-Boa diante de todos aqueles que pol-a tua culpa e n-a tua compañía peáron...

Tal vos é a verdadeira lenda de fray Balaguer com' a contan n-a terra d' as oliveiras. Hoxe o castelo de Trinquelague xa non existe, mais a ermida érguese aínda n-a cume d' o monte Ventoux, n-o medio d' unha carballeira. O vento apouviga a rachada porta, a herba enche as lousas d' a entrada; haivos niños n-os currunchos d' o altar e n-os recantos d' as altas ventanas, sin os seus vidros de coores xa fai tempo. Namentres seica todol-os anos por Noite-Boa, unha luz d' o outro-mundo erra entr' as ruínas, e cando van ás misas d' o galo, os labregos ollan aquela pantasma d' ermida alumeada por cirios invisibres que brillan ô aire libre, inda que ventee ou neve. Bulraivos si querendes, mais é o certo que un xornaleiro d' a terra, chamado Garriga, cicaís descendente de Garrigou, xuroume que unha Noite-Boa, atopándose unha migalla bébedo, perdérase n-o monte pol-os arredores de Trinquelague, y-eiquí tendes o que víu... Hastr' as once, nada. Todo estaba calado, escuro, morto. De súpeto, á eso d' a media noite unha campana resoou d' o alto d' a torre, unha campana choca de vella, que parecía soar de muy lonxe. D' alí á pouco, n-o camiño que rube, víu Garriga tremar lumiñares, remexerse sombras estranas. Baix' o pórteco d' a ermida, andaban, dicindo quedo:

—Teña usía boas noites, ás boas noites, señor Arnotou.

—Boas noites, boas noites, meus filliños.

Dempois que todos entraron, o xornaleiro, qu' era arriscado e valente, achegouse paseniño, e asexando pol-a porta rachada, víu unha cousa muy estrana. Todas aquelas xentes que víu pasar estaban en ringlas arredor d' o coro, n-a nave en ruínas, cal si os antigos bancos inda alí estivesen. Xeitasas damas con traxes de brocado e cofias d' encaixés, fidalgos con rechamantes arrumallos, labregos co-as chaquetas froleadas com' as que tra-

guían os nosos abôs, todos c' o aire vello, pasado, canso, embulleirado. De vez en cando páxaros ago-reiros, que fixeran d' a ermida, pousada, espertados por aquelas luces, viñan á rondar á beira d' o lume d' os cirios que rubía direita e flotante como si ar-dese tras d' unha gasa: y-o qu' entreteña moito á Garriga, era un certo personaxe de grandes antio-llos d' aceiro, dalle que dalle remexendo a sua alta peluca moura, onde un d' aqueles páxaros afincá-base de pé batend' as aás caladamente...

N-o fondo, un velliño d' o altor d' un neno, de xinollos n-o medio d' o coro, estrapexaba relaxado n-unha campaiña sin badal e sin voz, namentres que un crego, con vestementas d' ouro vello, iba e viña diante d' o altar, mascullando oraciós d' as que non s' entendía nin palabra... De fixo qu' era fray Balaguer, dicindo a sua terceira misa d' o galo.



A XUSTICIA DE GORIÑO D' A ESTRADA

Era un home escuro; como vivira morreu ñoranda pol-os seus veciños, que oito dias dempois de que o meteran n-a focha, nin xiquera o lembraban.

¡Que fará hoxe, dempois de pasaren satenta anos!

Faloume d' él un vello ñado n-a Estrada e que recorda d' oubidas ô Goriño, pol-os contos que lle contaban ás vellas n-o fiadeiro, cando ainda andaba deprendendo á soletrear n-a escola.

O Goriño d' a Estrada vivia d' o seu como todol-os labregos; procuraba os bês qu' herdara d' os seus páis e mantíñase con traballo, mais non tiña moitos qrebadeiros de cabeza, nin pasaba pol-as apuradas e sofocós que pasan algús, porque campaba de solteiro pol-os seus respetos, non tendo mullernin fillos que lle comesen o pan, nin xiquera can que lle ladrase.

As suas obrigaciós, com' él dicía, levábaas ô lombo e podía ben co-elas.

Pero n-este mundo cativo ninguén se vé libre de traballos, e saíulle un veciño de porta con porta,

pícapreitos y-aduanante, que lle deu mais disgustos qu' estrelas brillan n-o ceo n-as noites de vrau.

O tal veciño era o alcalde d' a Estrada, que por aquela facia de xuez, ou de nembro d' a señora xusticia, de *ese eme qu de gue*, como acostumaba á falar o bigairo d' a vila.

O señor alcalde, como dispuña d' un anaquiño de mando, cobizaba que todol-os veciños o agasallasen sacándolle a monteira n-a rua e deixándolle un pernil, ou cousa polo estilo que s' achegase ô estómago, n-a casa; tal e como si fose un señor feudal con dereito á recoller cánimas e cobrar alcabalas e dezmos; mais o Goriño, que non s' afacia á levar o brazo qrebado, e que tiña os seus fumes de liberal, chamábase o tóco n-o tocantes á sacar a monteira, e d' a sua casa, n-o tocantes á carrexar regalos pr' as alleas. E como as pitas que lle cacarexaban n-o corral nunca puxeran un hovo n-a despenza d' o señor alcalde e nunca deran n-a mala maña de se deixar cocer n-o pote pra serviren de prato n-a sua mesa, colleulle unha tema enrabecheda ô tal Goriño, e non tivo vagar de mais prêsa que facerlle a contra pra ver si lograba botalo á presidio.

Pol-a primeira prantoulle un interdífuto, n-o que o Goriño saíu condanado con costas. «¡A primeira n-a frente!»—rosmou o Goriño rañando unha orella.

Pol-a segunda, valéndose de testigos falsos, disputoulle o dereito ás augas d' un lameiro, e tamen perdeu o preito con costas, á maores de lle quedar o seu en seco. «¡A segunda n-a boca d' o alcalde!»—escramou o Goriño maneando a cabeza, e falando d' a conta á cantos querian oubilo e botaban co-él un vaso n-a taberna, decialles que o alcalde traballara tanto pra lle ganar o preito d' as augas, pol-a mor de que non lle debecese a ferraña n-o lameiro e de que non lle faltase, com' ô burro de boa caste, a mantenza n-o presebe.

O señor alcalde soub' o dito, que n-as aldeas non

se fala cousa que non se sepia, colleullo por testigos, e meteuno n-unha causa criminal por desacato. «¡A terceira n-o peito!»—rosmou o Goriño, e dende aquela xuroullas e fixo mentres de tomar a xusticia pol-a sua mau.

En tendo noticia de que ô señor alcalde lle doia a cabeza, dispoñendo de cartiños o Goriño, mercaba foguetes de tres estralos e púñase á botalos dend' a solaina d' a sua casa: si non-os tiña, contentábase con meter moito barullo.

Si o alcalde saía, púñase á tocar un corno, e inda ben non lle ganaba unha volta cando escarramelan-d' os ollos e botando a monteira pr' atrás, acenáballe d' un xeito que calo, porque fora descurtesía decilo. Vamos, que lle faguía unha figa con mangas.

N-eso de xenreiras, non hay millores maestros qu' os aldeanos, y-o señor alcalde, que pouco mais, pouco menos, era d' a xeitura d' o Goriño, non se quedaba curto en amosrarlle o coraxe que lle tiña. E socedeu d' unha vez que namentres que o Goriño foi á feira de Santiago, botoulle herba d' o rato ás pitas que touparon como castañas.

«O volver d' o viaxe e vendo aquela estragueira n-o seu galiñeiro, deprocatándose de quen fora, botou un ¡barau! que resoóu n-as carballeiras veciñas, e dixo berrando com' un condenado: «¡Nin por esas ha d' ir o preito adiante: pr' o feito non vale a pena de pidir xusticia escribindo en papel sellado! ¡A miña xusticia háse de faguer de modo que deixe sonal!»

E non falou mais nin houbo en tres dias quen vise o Goriño en ningures. Algús coidaron qu' enfermara c' o sentemento d' a morte d' as galiñas.

Por aquela eran as vísperas d' a festa d' a vila.

O maor d' a xusticia de Santiago tiña por costume ir á ela e parar n-a casa d' o señor alcalde d' a Estrada. Aquel personaxe de tantos perendengues montaba unha égoa de mais de sete coartas d' alza-

da, d' un paso d' andadura en armunia co-a grandeza d' o príncipe d' a curia gallega e que causaba admiración e pasmo entr' as xentes d' a vila, d' o que non deixaba de se gabar o seu dono.

Chegou o dia d' a festa, y o cabaleiro de Santiago non faltou. Apeóuse d' a égoa, e namentres o criado, dempois d' atala, foi á porpararlle o acomodo, paseniño, paseniño, coidando de que ninguén o vise, chegouse o Goriño á besta, e c' unha navalla d' a barba arrabanoulle o fuciño d' enriba, deixándoll' os dentes ô descuberto. Dempois fuxíu pr' a sua casa, e como quen nonalcontra en que pasar o tempo, púxose n-a ventana c' un pito alceso n-a boca, vendo pasar a xente e deixando cafr de pouco en pouco unha galiña morta diante por diante d' o animalíño que s'alcontraba debaixo.

As xentes qu' iban e viñan escomezaron á fixarse n-o fato de galiñas tumbadas n-o chau, e n-os dentes d' a desfociñada égoa d' o gran señor de Santiago, e non faltou quen dixese con estraneza: «¡N-a miña vida outra che vin! ¡Estas bestas d' os grandes señores non fan mais que rir! ¡Cómo se conece que andan folgadas e que teñen que comer á fartura!»

Estes ditos y-o run-run d' os curiosos, chegaron á oubidas d' o señor alcalde d' a Estrada e d' o gran maxistrado de Santiago, que viron pol-os seus ollos a falcetruada.

—¡Foi o Goriño, que malos lobos me non coman si non foi él quen tal fixo!—escramou o alcalde n-a cume d' a indinacion.—¡Prendelo e que se presente diante de min!—añadeu o maxistrado tremando de coraxe.

O Goriño compareceu, manso com' unha ovella e tranquilo com' un inocente.

—¿Sabes o que fixeche?—interrogou o maxistrado poñéndoll' us ollos com' os d' as furias d' o inferno.

—Ande, como non s' esprique d' outra maneira, así Dios me salve si o entendo.

—¿Sabes en que disposición s'alcontra a miña égoa?

—Si lle son de servicio e quere que a vexa, dempois de m' enteirar direillo, anque a miña opinión n-eso de torzós de cabalos non lle val nin mi-galla; xa se vé, como nin xiquera son ferrador...

—¡Pero eres un pillol!

—Como vosté coneece, naide tén mais creto que e que lle queren dar.

—Tí fuche o que me desfociñache a égoa.

—¡Ay María Santísima que cousas m' apoñen, señor maxistrado!

—¿Quéres negalo?


—¡E porque non hei de negalo, si non fun!

—¿Non sabes que a miña égoa está desfociñada, e c' os dentes d' enriba ô descuberto, de xeito que parés qu' está rindo?

—¡Acabáramos, señor maxistrado! ¡Estónces xa cayo n-a conta, estaráselle rindo d' as miñas galiñas mortas! Non-s' apure, a cousa elle natural, pois non é milagre nin cousa que se lle pareza, que a besta d' o señor maxistrado (con perdon) esté rindo unha *gracia* d' o meu señor alcalde. Fóralle pior que non poideron reila como lle pasa ás miñas galiñas, que morreron por unha desgracia.

O señor maxistrado, caindo n-a conta d' a tranqueira, escomenzou á rir com' un tolo, namentres que o alcalde d' a Estrada dábase á todol-os díaños ô ver a mala pasada que lle xogara o seu nemigo de sempre.

Mais tarde, e por aqueles tempos, cand' as cousas se falaron como foran, non había nin curial nin preiteante en Galicia que non soupese de que casta era a xusticia d' o Gorioño d' a Estrada.



O SANCRISTAN DE VILELA

I

Non fai moito que morreu de puro vello. Por un mes e piques deixou de lle ver a cara á San Pedro levando un sigro ás costas.

Dende que ôs quince anos se ll' entalou o Caco Pardo n-as gorxas e sintíu qu' o estómago non lle levaba o latin, canso de se ver escravo d' as correas d' o *dómine* n-a pasantía de Vilela, o Narciso d' as Petadas consagrouse ô servicio de Dios como sancristan *ad totum* d' a feigresía de Vilela.

Bautizouse n-o seu novo estado c' unha falca-trúa d' o demo. Tal xenreira lle collera ô Caco Pardo pol-os sofocos e pol-as tundas de que lle fora causionante, que o promeiro cabucho de vela que viu ás maus ás espaldas d' o señor abade, dempois d' alcendelo n-a lámpara—angueira n-a que verteu o aceite como sinal de mal agoiro—empregouno pra queimar o libro d' os latinorios. Co-aquela queima quedou mais foncho que un inquisidor d' o sigro dazasete.

Depois xa vengado e satisfeito, e sin sentir n-o corpo as restregas d' o dómine sin entranas pero con maus, o sancristan de Vilela entrou de cheo n-os seus oficios.

Pasados sete meses, sostiña que pra servir ben á Dios, como nembro d' a eirexa, non se precisaba saber migalla de latin, fora d' o que s' estila pra contestar ôs responsôs e pr' axudar â misa.

C' o gallo de tocar as campanas, deprocatouse de que mellor lle fora deprender múseca. Sentía unha envexa nobre cando oubía falar d' o ben que as repinicaba o sancristan d' a veciña parroquia. Os rapaces que andaban n-a pasantía de Vilela, concéronll' o fraco, deron en chamarlle *múseco de corda*, e pra veren si caía de pito, xurábanlle e perxurábanlle, que aló en Roma se vendían unhos libros pra impoñer ôs sancristás d' o mundo católeco n-o toque d' as campanas. Chegou á cavilar, xuntando reminiscencias, si os libros de que lle falaban os estudantes eran os tales tratados de *múseca relixiosa*; pro renunciou á mercalos porque fixera o propóseto d' arrenegar d' os libros pra sempre.

Alá se foi axeitando de modo e de maneira, deprendendo â sua costa, que sin studios era ôs corenta anos tido entr' os feigreses de Vilela, pouco mais ou menos, por tan sabido com' o señor abade, fora d' a croa, y-en nagocios de tronos, e casos de concencia n-o tocantes âs almas d' o Purgatorio, como xa vira morrer á dous señores abades, o tio Narciso era o que se dí un home de consello.

Duas horas dinantes de tronar tocaba ôs tronos, y-as campanas de Vilela tocadas pol-as suas maus, tiñan a virtú d' escorrentalos. 'O botar os responsos o señor abade, pol-a auga bendita que saía d' o hisopo, cuasque adiviñaba o sancristan si lle facía ou non proveito âs almas d' os mortos por quen se cantaban, e pol-o que ôs enfermos facía, tiña un ollo tan certo, tan ben os fadaba, que dicindo o sancris-

tan que morría, non tiña volta, o enfermo por moito que aduanasen os médecos, e por mais ofertas que os parentes fixeran ós santos, tiña qu' ir á parar debaixo d' as herbas d' o campo santo.

A sona d' o sancristan de Vilela estendeuse seto légoas pol-a redonda, en beneficio d' o señor abade, quen chegou á ser dño d' a apricacion d' as misas mais caras que se decían pol-as ánemas d' o Purgatorio, pois en apinion d' as xentes, si o sancristan de Vilela non nacera c' unha cruz n-o ceo d' a boca, tiña unhas maus que nin pintadas pra sacar d' as penas e d' o fume d' o Purgatorio ás ánemas benditas.

Os sasenta anos non se facía cousa n-a parroquia, sendo cousa d' a eirexa, sin lle pedir consello ó sancristan, e todol-os seus ditos eran respetados, con asombro d' a xente, hastra pol-o señor abade.

E non colleu o tio Narciso á fumo de pallas a lembradía. D' aqueles respetos e de moitos mais era merecente.

O sair d' a misa, n-o adro d' a eirexa, ou pol-as tardes d' o vrau botando un vaso n-a bodega de calquer veciño, falaba de moral e teoloxía pol-os falares, e tan ben, que os mais listos escoitábano co-a boca aberta. Falta facía qu' abrisen a boca pra traer as caroucas d' o sancristan de Vilela, porque de non abrila, touparían cuasementes.

Pra él as follas d' o Perrone eran o pasto d' os vërmes d' a viña d' o Señor; os latinorios, unha caste de nemigos pra lle tentar ós estudeantes a pacencia; a moral escrita, o aire; todo aquilo que s' estudia n-a carreira eclesiástica, faguer que fagamos. Pra ser bõ católeco, pra facer un señor abade comprido, abondaba con ter a concencia posta en Dios; con depender á forza d' anos a *moral práctica*, e con sentir n-o seu corazon latexos d' amor ós seus somellantes.

E siguen as suas teorías. N-o sacerdocio d' a

eírexa hay predestinados e *destinados*. Son predestinados aqueles que á pulso conquiren unha parroquia, e por moito que fagan e por mais qu' esprandezan como curas d' almas, viven e morren de señores abades. Os *destinados* son os qu' inda ben non san d' o Seminario, por teren un padriño, ou quen lles arrime a hobreira pra rubir, contan porparada unha silla de coro n-a que s' arrefolgan de calóndrigos, e como non teñen almas que precurar, e como precuran pol-a sua, confesando e comulgando unha vez ô ano asegun aconsella o Catecismo, sinten proído de medo e andan á caza de mitras como n-os agros andan os rapaces ôs grilos. ¿Qué agunía un obispo? Pois alá van eles co-a palla d' a infruencia á furgar n-o burato d' o poder pra veren si a mitra lles vén â mau. De non lles vir foi unha creba d' o oficio; saúlles grila.

En a opinión d' o sancristan de Vilela, surten efectos as bendiciôs d' os señores abades, porque as botan solasmentres cando teñen que botalas, ou por estaren marcadas n-os divinos oficios; pro as bendiciôs d' os señores obispos, que as botan ô bultuntun'e de *corripias* cando van de camiño, non son mais que bendiciôs de cumprimento que se perden porque van pol-o aire.

D' estas cousas, en honor d' a verdá, librábase ben de falar diante d' o señor abade, que si cicais chegaba á sabelas, e pol-o dito lle regañaba, o sancristan respondíalle non sin sorna: «Sonlle *peccatas minutas* que digo cando estou de vagar pra entreter ôs veciños.»

O misterio d' a Trinidad,—que tamen n-estas fonduras se metia o sancristan de Vilela—espricáballo ôs feigreses por este xeito: «Ese misterio non vos cabe n-a cabeza por que sodes unhas bestas. A Trinidad de Dios estavos en todas as cousas d' o mundo. Alá n-as nubes temos unha trinidad: o sol, a lua y-as estrelas; n-os elementos outra trinidad: auga,

vento e lume; n-as nosas costumes outra trinidadá: tomar a parba, xantar e cear; outra n-a nosa vida: nacer, vivir e morrer; outra n-o noso corpo: sólido, líquido e gaseoso; sólido, carne e ôsos; líquido, sangue e linfa; gaseoso..., non hay que decilo, o esprito; outra n-o noso estado social: solteiro, casado e viudo. Aqueles que non enviudan non chegan á ter a trinidadá, porque os partiron pol-o eixe. Hastra cando nos despedimos d' o mundo, vámonos co-a trinidadá. Non hay home que aguníe sin dar tres boqueadas. Fixaivos ben n-esto que vos digo,—escramaba o sancristan reforzando os argumentos.— En total-as cousas grandes d' a vida verédel-o número tres xogando. Tres son as edás históricas: antigua, media e moderna; tres as angueiras d' a labranza: sementeira, precura e recolleita, e si dudades inda, non tedes mais que cando vayades á unha festa fixarvos en que son tres os cregos que cantan a misa, *e así de ceteris* porque hastra n-o calvario houbo tres cruces.»

D' esta maneira facía gala d' a sua cencia infusa o sancristan de Vilela.

II

Satisfeito xa que non feliz, pois n-a sua apinión a felicidade é unha chilindrinada n-a terra, vivía o noso sancristan entretido n-a precura d' a viña d' o Señor, que sin axofraduras, rendas nin cavas, pro á forza de moitos traballiños en loita c' os católecos aldeanos, que abren a boca pra rezar e cerran as faltriqueiras pra donar—com' él tamén sostíña—entre ofrendas e responsos, enterros e casamentos, iba tendo pra íla turrando namentres Dios non fora servido chamalo á vida eterna, onde un se manten

de venturanzas e gorrias sin xiquera sentir ánsas d' atender as angueiras d' o seu oficio.

Canto mais entraba en anos e camiñaba pr' as ancollas, mais o sancristan de Vilela sintíase collido pol-a nugalla, con escándalo d' os feigreses, que deron en se queixar de que a parroquia non andaba ben servida, pol-a mor d' os esquecementos d' o sancristan en tocar ós tronos y-as ánemas, d' o esmorecemento conque repinicaba as campanas n-os días de festa, d' o pouco fondas que facía as covas pr' os mortos, e d' outras cousas, que si non pasaban de ser picalladas pr' o vello sancristan, eran pr' os veciños d' a parroquia punto menos que delitos d' os que debe castigar a xusticia.

¿Qué tiñan eles que ver c' os achaques d' o sancristan? Si os brazos y-as pernas non lle rexían, o señor abade, cumprindo como Dios manda, debía poñer un sancristan mozo n-o seu canto, pois pagando como pagaban, era xusto que foran ben servidos.

Estas queixas convertíronse tempo andando nunha caste de guerra contra o sancristan, que canto mais pra vello iba e mais desatendía as suas obrigaciós, amostraba mais degoramento pr' arrecoller limosnas pr' as ánemas d' o Purgatorio, e dera á maores n-a maña de botar pingas á miúdo.

Xa o señor abade, pol-o escurrichadas que andaban as vinaxeiras, caíra n-a conta d' o defeuto d' o sancristan, pro facíase o bobo compadecéndose d' o coitado vello, perdonándolle o vicio en gracia ós seus merecementos e traballos d' onte.

Os feigreses vendo que o seu señor abade non lles daba creto, e que o sancristan lonxe de se correxir iba de mal en peor, pensando solamentres en que choveran cartiños pr' as ánemas, colleron a xusticia pol-a sua mau, e foron pol-a caladiña xogándolle malas pasadas ó sancristan, meténdolle cadelas falsas n-a caldeira d' auga bendita, en pagas

d' os responsos que os domingos n-a misa d' a parroquia se cantaban pol-as almas d' os mortos.

Reparou o sancristan n-a retranqueira, ô ver que tres domingos arreó as propinas que tiña por costume de lle dar o señor abade eran en cadelas falsas: que si pasaban pr' o pago d' os responsos n-a eirexa, non ll' as querían en troques n-o estanco, n-a taberna nin en ningures.

Queixouse d' o feito; mais o señor abade que xa estaba n-o allo, respondeulle secamente: «Abrir os ollos.»

O sancristan non se conformou co-a resposta, e propúxolle que n-a primeira misa d' a parroquia botase un sermon, ben botado, asentándolle as costuras ôs monedeiros falsos.

O señor abade tampouco lle deu creto; estonces o sancristan, â sua maneira, discurríu un xeito d' acabar co-aquela caste de timo que, n-a sua presoa, lle daban âs ánemas benditas.

Resolveu que os cartos que apricasen en responsos se lle desen n-a mau.

E dito e feito, si as cadelas eran boas, prenunciaba en alta voz o nome d' o difuntiño y-a indicacion d' o responso asegun fose de *Memento, Lázaro* ou *Recorderis*; pro sendo falsas, ô principio facíase o xordo, dempois deu en rosmar entre dentes, mais tarde miraba con ollos de condanado ôs que tiñan tales estrevementos, e concuríu, convencéndose de que non escarmentaban, por decir á berros diante por diante, de todol-os feigres un domingo n-a misa parroquial, que fosen á botar responsos ô inferno, pois solasmentres o demo traballaría de balde pol-a precura d' as almas d' os mortos. E siguiu dicindo á berros: «¡Asús, María Santísima! ¡Qué parentes, que pillería teñen as ánemas d' o Purgatorio en Vilela! ¡Pol-o que os atenta o demo, están ardendo todos n-os profundos infernos!» E non parou n-esto a rabecha d' o sancristan,

porque cego de coraxe, e levado pol-a indinacion, esfachicoulle o hisopo n-os fuciños á un mozo que s' estreveu á chamarlle «¡bárbaro!» polo dito.

O señor abade quedou atontecido.

Dend' estonces, coidando que se volvera tolo non lle consintiron que atravesase as portas d' a eirexa ô sancristan de Vilela, que por defender os seus dereitos, por s' apoñer á que n-os nagocios espirituales non pasaran as moedas que por falsas non pasan n-os nagocios d' a terra, morreu n-a apinion de tolo, e probe; pro sostendo inda n-as suas derradeiras horas, que a relixion de todol-os veciños de Vilela non era mais que unha moeda falsa.



¡ALMA EN PENA... REQUÍROTE!

Nicolao d' o Fresnedal, era un d' eses alguerantes que barafullan d' o que non entenden, que dubidan de Dios e creen n-as bruxas, n-os mortos aparecidos, n-a *Compañã* e n-outras cousas que a fantasía d' o vulgo pinta como quere. N-os anos d' a moxedá, non foi a promeira noite que pasou co-a cruz á costás pol-as carrilleiras d' aldea, encontra o adro d' a eirexa pra escorrental-a *Compañã*, que andaba de ronda pol-a parroquia, sete dias dempois de que morreu o escribã D. Liborio, alá pol-a media noite d' un dia d' inverno, fria com' as lousas que cobren as sepulturas, e negra com' a concencia d' un condanado.

Nicolao d' o Fresnedal tiña a supersticion metida n-a cana d' os ôsos. Casouse c' unha muller que por alá s' iba. A parenta, qu' en apinion d' o médeco, tiña o histérico, xuraba e perxuraba qu' indo sola pol-os camiños ô apardecer, via ringuileiras de difuntos envoltos en brancas sáboas, bruxas d' acan-chaperna en paus d' escobas, que botaban lume

pol-os ollos e vërmes de luz pol-a boca:alcontrouse mais d' unha vez con almas d' o outro mundo que, á berros que ninguén oubía, demandábanlle ora-ciõs e responsos pra sair d' o lume d' o Purgatorio en que penaban pol-as suas culpas.

N-aquela casa o renxer d' unha porta, o ruído d' os ratos, calquera cousa, tomábase por un aviso d' os espritos, por un eco d' os mortos, por unha voz d' as almas en pena. Os males que padecían apúñanllos á calquera vella d' a parroquia que lles facía mal d' ollo, e si os filliños s'alcontraban enfermos, non tiña volta, eran causonantes d' o seu mal as meigas chuchonas, que zugaban pol-as noites sedentas de sangue cristiana, õs malpocados anxeliños, que debecían e mirrábanse hastra daren c' o seu corpiño en esqueleto n-a terra.

Nicolao d' ò Fresnedal foi á feira de Santiago pra vender tres bacoriños que a porca d' a casa lle trouxera d' un ventre. Fixo boa feira e volveuse pr' a sua casa d' a Ulla, dempoixa de botar á satisfacion, por unha xerra vidrada, dous tragos n-a taberna de Santa Lucía. Por mais que alancaba n-o viaxe de volta, colleuno a noite n-o camiño.

Mais medo que õs ladrõs tñíallo ás bruxas y-õs mortos. Todol-os feirantes que viñan n-a sua compañía colleron por outros camiños e deixárono solo. As campanas d' a Ulla tocaban ás ánemas. Púxose á rezar por elas como de costume, con mais medrana que devocion, e volta á andar, anda que anda com' o xudío errante, e canto mais apertaba o paso pra chegar eixiña, metéraselle n-a cabeza que mais tardaba.

Esparexía a lua entr' as brétemas d' a noite, non os esprendores d' a luz d' os seus rayos prateados, senon así com' unha fosforescencia polo xeito d' a d' os fogos fátuos que súpitamente brillan preto d' os cimiterios, ou n-os piñeirales, pol-as noites d' o vrau.

Depois d' andar moito chegou diante d' a porta d' a eirexa. O que viu non é pra dito: que-douse como si lle cravaran os pés ô chau: deulle a volta a sangue, e puxéronnelle os cabelos de punta como si vise ô lobo.

Unha mau branca dend' a porta d' a parroquial, movéndose acenáballe cicais pra que s' achegase ond' ela. Unha brisa maina movendo as follas n-os álbores erguía un murmurar somellante ôs d' as augas d' os rios.

A branca mau, dend' a porta d' a eirexa non paraba d' acenar. Fixo a sinal d' a cruz pr' arrenegar ô demo, pro como si nada fose, a mau acena e mais acena como si lle dese voltas á un argadelo, ás veces pouquiño, pouquiño, outras... de prêsa, muy de prêsa. 'O Nicolao d' o Fresnedal arripiában-selle as carnes. Quixera verse brazos debaixo de terra denantes de ver aquilo pol-os seus ollos.

Canto mais os apartaba d' a mau que ll' acenaba dend' a porta d' a eirexa (cousas d' as almas d' o outro mundo), mais a mau medraba e se movía, como si fixese mentres d' abranguelo pra esnaquizalo.

Intentou fuxir, e viu que as pernas non lle rexían: quixo berrar e faltoulle a fala. Xa perdiño, sacando forzas de fraqueza, con voz que asomellaba saírille d' as gorxas, escramou: «¡Alma en pena, viva ou morta, á nome de Dios requírote pra que me digas o que queres, o que pides, o que recramas de min, si che fora de servicio n-esta vida pra te sacar d' as penas que padezas n-a outra pol-os teus pecados!»

O requerido non respondeu, pro a mau seguíu acenando de rábecha. «Este aparecido é mudo,» dixo pra contra sí. Volveu á requerir... e nada. Estonces o Nicolao d' o Fresnedal, c' o medo, foise por onde non se debera ir... pol-as cirigolas.

Acertou á pasar por alí un home e n-a sua com-

pañá chegou hastr' a casa, n-a que á parenta agardaba pol-o seu marido chea de congoxas.

—Gracias á Dios, home, coidei que quedaras teso n-o camiño—díxolle.

O Nicolao d' o Fresnedal nin forza tiña pra falar xiquera.

—¿Seica te metiches n-un cortello d' os marraus? —añadeu a parenta.

—Metinme n-o inferno—repicou o Nicolao relaxado.

—Ben ch' o creio, fedes qu' apestas; puxéchete debaixo d' o demo cando estaba...—rosmou a muller, que dempois de que se deprocatou d' o estado en que s'alcontraban os calzôs d' o seu home, como supersticiosa d' as enxebres, creeu á pês xuntos e fora capaz de xuralo diante d' os evanxelios, que a noite d' o dia en que seu home foi á feira de Santiago, se lle metera o demo n-o corpo, n-o punto e hora en que sentira degoramentos por faguer unha necesidá, que non se lembra por ser ben conecidá d' o comun d' as xentes e pol-o escusado.

A min tamen, escusado paresme decirvos que a mau que ll' acenaba á Nicolao d' o Fresnedal dend' a porta d' a eirexa d' a Ulla, era un pasquin n-o que s' anunciaba a perda d' unha xubenca, pasquin que despegado pol-as puntas d' enriba, mancábase arrolado pol-a brisa d' a noite.



AS MULLERES DE CALVELO

Elas eran de Calvelo,
elas de Calvelo son,
elas eran de Calvelo...
d' as que levan o pegon.

I

Perderían a conta os que a levasen d' as de paus que s' armaron n-os turreiros e' o gallo d' as mozas e pol-a mor d' o viño: habería estadullos pra todol-os carros que agora renxen n-a terraña, si se gardasen os fungueiros que n-as tempadas d' as eleuciós serviron pra mallar o lombo d' os eleutores en contra d' o Goberno; pro mais que todo eso renderían os paus que se deron nantronte, e que se dan hoxe, si cadra, pol-a mor d' as mulleres de Calvelo.

Calvelo é un lugar de satenta veciños, qu' ergue as suas chouzas entr' a vila de Maceda y-a feigresía de Gustavalle.

Xa fai tempo e non pol-os anos mil, sinon pol-os comenzos d' este sigro, que vivía en Calvelo un rico vinculeiro, d' eses que teñen facenda pra se manter â fartura e rendas pra gastar en galas abao. E como tiña n-a casa duas fillas solteiras como duas froles, que tiñan sona en sete legoas â redonda de

vestiren pol-o xeito d' as señoritas de mais perendengues d' as vilas, o vinculeiro víase n-o caso de ter pol-o ano adiante xastres e costureiras entretidos en facer ou compor traxes.

Os xastres que traballaban n-a casa d' o vinculeiro de Calvelo, non eran d' a caste d' o de Valiñas, que cosía de valde e puña á maores as liñas, nin que tampouco d' os remendôs que andaban á secas botándolle unhas palas ôs calzôs d' os veciños; eran xastres de lembradía que o mesmo facían traxes d' homes que de mulleres, e tan feitos e dereitos saían d' as suas maus unha chaqueta, un chaleque y-us calzôs de rizo, que unha muradana, y-un dengue. Traballaban n-a compañía de costureiras repinicadas, d' esas que teñen moita fantesía d' agulla, que concen os novelos de fio negro pol-a fiaza, e que saben enredar a madeixa n-o tocantes á parolas d' amores; d' esas que se gaban de non turrar d' o sacho nin de luxarse n-a cocíña c' os potes; d' esas señoriteiras con reviretes de sabidas, que por cortexos escollen os mellores mozos d' alcaldía, que teñen á moita honra que as conezan n-as festas pol-o dedal de prata que levan cirimoniosamente n-a mau, e que de cantaren algo escomenzan sempre co-a cántiga sacramental d' o gremio:

Fixo muy ben miña nai
en poñerme á costureira;
vén a auga, e non me molla,
vén o sol, e non me queima.

Os xastres que xantaban como calóndrigos, y-as costureiras que s'alcontraban mantidas e folgadas como si foran fillas de príncipes, andaban á elas en desafío de chuscadas, con gran pracer e satisfacion d' o vinculeiro de Calvelo e d' as suas fillas, que rian á mais non poder as gracias e chistes d' as aduanerías d' agulla.

As mulleres que volven unhas pol-as outras e

que saben que os xastres son muy pillos, axuntábanse pra lle xogar malas pasadas ós dous vellos que cosían n-a casa, e vez houbo que ô poñer ô lume a prancha, deixárona quentar de xeito que ô collela ô xastre pol-a asa, s' aburase e lle saisen n-as maus duas vinchocas como dous pás de centeo.

Non eran os xastres homes que se deixasen levar pol-o xenio, e lonxe de s' alritar, tomaban á gro-ma a falcatruada, dándose por satisfeitos con lle dicir ás costureiras, que as cousas tómanse como d' a mau de quen veñen, e que as vinchocas n-as maus d' os xastres, non tiñan comparanza c' os hinchumes que pol-a mor de ter as maus quedas lle saían ás costureiras que s' arrombaban.

N-outras ocasiós, deixábanse dicir, qu' inda qu' eran vellos n-o oficio, cortaban mellor unhas man-gas que de costume, tendo diante d' os ollos costu-reiras tan xeitosiñas.

Cansas d' aquela loita de picardías de boa ley, acordaron as costureiras pasárense á maores, facén-dolle ós xastres unha xogada que deixase sona e dese á entender que quedaran por enriba d' eles.

Unha tarde d' o vrau, dempois de xantar, e can-do o xastre máis mozo prendera n-o sono, atáronlle un adibal ós cadrís, e fuxindo d' a sala, paseniño paseniño, fóronse pr' a solaina, e dend' alí esco-menizaron á turrar pol-a corda, guichando pol-a ren-dixela d' a porta pra esculcar o que facía o xastre.

O que fixo, cábase, porque vén por mal conduto; pro non debeu ser cousa boa, cando o xastre, que tiña por costume levar con pacencia as falcatruás d' as costureiras e d' as fillas d' o vinculeiro de Calvelo, anoxouse, tomou o feito por aldraxe, e xu-rou, rosmando, que ll' as habian de pagar ben pagas.

A venganza non se fixo agardar. Outra tarde cando as rapazas s' alcontraban durmindo, axuda-do pol-o seu compañeiro, foi á bodega, colleu un

pelexo vello, fixo co-as tixeiras us pegôs redondos, quentounos ô lume hastra cuase derretelos, e púxolos non sei onde—porque a noticia tampouco veu por bô conduto—á total-as costureiras que s' alcontraban durmidas, e deprocatándose de que o feito non lle faría gracia ô mesmo vinculeiro, acostumado á rir as picardías d' as suas fillas e d' as costureiras, fóronse d' a casa pra non volveren mais á ela.

Inda ben non espertaron as d' o pegon, cairon n-a conta d' o conto, porque o anaco de pelexo turráballes mais de renegon qu' elas turraran polo adibal atado ôs cadrís d' o xastre.

‘O facerse cargo d' o feito, alcendíanselle as meixelas de vergonza.

Falouse d' o caso en total-as feigresías d' os arredores, e dend' aquela escomenzouse á cantar n-as trulladas, n-os fiadeiros, n-as romaxes, n-as sachas, n-os turreiros e n-as mallas, esta cántiga, que tempo andando era o maor d' os aldraxes que se lle poidera facer á unha moza de Calvelo:

Elas eran de Calvelo,
elas de Calvelo son,
elas eran de Calvelo...
d' as que levan o pegon.

A ningures iban as mozas d' o lugar que non oubisen o xuncras d' a cántiga. N-as feiras de Maceda ô ver unha de Calvelo, axuntábase un fato de mozos pr' abouxalas cantando. N-a festa de Gustavalle, tiñan as mozas de Calvelo que morder os lábeos oubindo que ô pasar por ond' elas os mozos que andaban de rexouba polo turreiro, marmuraban con sorna: «Esas sonche d' as d' o pegon.»

Un pái, cobizoso de que ninguén aldraxase ás suas fillas, agarrouse c' un mozo que tivera o estrevemento de lles cantar n-a cara a cántiga, meteulle unha navalla n-o bandullo, morreu de resultas, y-o probe d' o pái foi pagalas á presidio.

Pior que pior; o escándalo alcanzou mais sona, e non había feira nin festa, nin fiadeiro nin malla, que non armasen unha de paus pola mor d' a cántiga, os hirmaus, sobriños, cortexos e parentes d' as mozas de Calvelo.

N-esta loita de xenreiras axudábanos as mulleres vellas ou mozas, dicíndolles que non tiñan lacha n-a cara, nin sangue n-as veas, nin forza n-as maus pra manexar un fungueiro, nin xenio nin fumes n-a cabeza pra facer, custase o que custase, e saíse por onde saíse, que nin vellos, nin mozos, nin rapaces, se volveran á lembrar d' a condenida cántiga.


¡Mais nin por esas! Como si as algeiradas que s' armaban non surtisen efectos n-o lombo, n-a testa e n-os fuciños d' os cantores abafantes d' o pegon d' as mozas de Calvelo, hastr' os qu' iban á seitura á Maceda, pasaban polo lugar caladiños por si cicais os acantazaban as mulleres—que xa non era a primeira vez que o facían—mais en chegando á ermida de San Xoan que s' ergue á cen pasos d' as casas, púñanse á cantar berrando e respondendo á cada cántiga c' un aturuxo enxordecedor:

As mociñas de Calvelo,
as que de Calvelo son,
as mociñas de Calvelo,
todas levan o pegon.

¡Premita Dios que se vos tollan as pernas!
¡Queira Maria Santísima que se vos vare a lingoal!
¡Ogallá que malos lobos vos xanten n-o camiño cando tal cantédes! ¡Qué Santa Lucía faga con que malos pegôs vos ceguen!—escramaban tremando de coraxe as vellas de Calvelo, oubindo o rayo d' a cántiga, que non parês sinon que foi semente de xenreiras n-os lugares, aldeas e vilas d' a terra de Caldelas. ¿Quén foi o que calmou os ánemos alritados? ¿De qué figa se valeron as d' o lugar pra

que se fose esquecendo a cántiga? As vellas crónicas nada falan d' o caso, e solo se sabe por un patrucio que morreu de fame n-unhas pallas, dempois de servir trinta anos ô rey, que duas mozas churrusqueiras e xeitosiñas de Calvelo que casaron con dous fidalgos de Caldelas, tomando a cántiga á groma, púñanse á cantar alí onde oubian a outra, esta que sigue e que non porá en dúbida as verdás qu' encerra ningun home de meolos, á non ser que a dúbida lles servise pra que lle puxeran a proba diante d' os ollos:

Anque son d' as de Calvelo,
 anque de Calvelo son,
 anque sôn d' as de Calvelo,
 eu non vos teño pegon.



O ABADE DE CARBALLEIRA.

(TRADUCION D' O FRANCÉS DE DAUDET).

O crego D. Martiño era abade de Carballeira.

Bô com' o pantrigo, e c' un corazon d' ouro, D. Martiño, quería com' un pãi ôs seus carballese. Pra él seu Carballeira sería o ceo n'a terra si os carballese cumpriran mellor c' o que Dios manda. Mais... ¡ay! o confesonario estaba cheo de tearañas, e por Páscuas, as partículas quedaban todas n'o fondo d' o copon.

O bô d' o crego tiña co-estas cousas o espritu acongoxado, e sempre pedía á Dios de non morrer sin denantes arrecadar suas ovellas pr' ô Paradiso. E Dios oubíuno como vandes á ver.

Un domingo dempois d' o ofertorio d' a misa, padricoulle ôs feigreses d' esta maneira:

«Meus filliños, anque non queirandes creelo, onte â noite atopeime eu, gran pecador, âs portas d' o ceo.

Chamei: abriu San Pedro.

—¡Olal! ¿é vostede, meu amigo D. Martiño?—

díxome.—¿E logo que vos ventos o tran por eiquí? ¿en qué podo servilo?

—Meu santo señor San Pedro, vostede que tén o libro grande y-a chave, poderíame decir—unque perdone a descortesía—cantos carballeseos ten por alá drento?

—Vosté sabe que me pode mandar n-o que queira, D. Martiño; séntese e vamos á vela conta os dous xuntos.

E San Pedro agarrou o vademeco, abríuno e chantouse as antiparras:

—Vamos á ver. Conque... Carballeira. Car... Car... Carballeira, xa está. Carballeira... ¡Ay meu querido D. Martiño, a folla estalle limpal Non hay un alma. Non ll' hay mais carballeseos qu' espiñas ten un porco (con perdon.)

—¡Nunca Dios me dera! ¿Vosté que me dí? ¿Ninguén de Carballeira? ¿Ninguén? ¡Eso non pode ser! Faga o favor de mirar outra vez, anque disimule.

—Ninguen, santiño de Dios. Si coida que o quero emboubar, míreo pol-os seus mesmos ollos.

Eu, mal pocadiño, erguin as maus pedindo misericordia.

Enton San Pedro díxome:

—Créame D. Martiño, é millor que non tome a cousa tan á peitos, que se lle pode barrer o sentido. Vostede ô cabo non tén a culpa. Seus carballeseos hanlle estar pasando unha tempadiña n-o Purgatorio.

—Pol-a mor de Dios, meu señor San Pedro, gobiñese de xeito qu' eu podia velos e consolalos.

—Vou á compracelo, amigo. Teña: poña aixiña eses zocos, que os camiños non están bós. ¡Xa estamos! Agora colla todo direito. ¿Non ve alá en baixo unha revolta? Alí topará c' unha porta de prata con moitas cruces negras á mau direita. Chame que xa ll' abrirán. Conque namentres, consérvese.

Andiven, andiven... ay que camiño! arrepiáanse-me as carnes solasmentres ó pensalo. Unha estreita congosta chea de silvas, de verámes de luz, e de cobras que asobiaban, foime levando arrente d' a porta de prata.

—...Pum... puumm!

—¿Qué chama?—dixo unha voz ronca e doorida.

—O abade de Carballeira.

—¿De?...

—De Carballeira.

—Aaah... pois adelante.

Entrei. Un garrido ánxel, con aás negras com' a noite, e unha roupa esprandecente com' o dia, c' unha chave de diamante dipindurada d' o cinto, escribía n-un libro grande, inda mais que o de San Pedro.

—E logo que quer. ¿Ofréceselle algo?—dix' o ánxel.

—Manfíco ánxel de Dios, eu quería saber, si non é moita molestia, si andan por eiquí os carballese.

—¡Os...!

—Os carballese, os de Carballeira. Eu son o seu abade.

—¡Aaah! ¿Vosté é D. Martiño?

—Pr' o que lle sea de servíco, señor ánxel.

—¿Conque Carballeira?

Y-o ánxel abre e volve as follas d' o seu librote, untando en cuspe os dedos pra que corran mellor.

—Carballeira, dice xemendo... Non temos n-o purgatorio á ninguen de Carballeira.

—¡Asús, María e Xosé! ¡Ninguen de Carballeira! ¡Ay de Dios! enton ¿onde s'alcontran?

—¡Ey, santo varon, estarán n-o ceo! ¿Onde diáños quer qu' estean?

—¡Si xa veño d' alá!

—Vén d' alá... ¿e qué?...

—Que non están. ¡Ay Maria Santísima!

—E vosté que lle quer, señor abade, si non están n-o ceo nin n-o purgatorio, non hay que lle facer, están...

—¡Asús, Asús mil veces! ¡Ay! ¿Será certo, ou sería unha argallada d' o señor San Pedro? Pro non oubin cantar o galo... ¡Ay coitadiño de min! ¿Cómo ei d' ir ô ceo si non ei d' atopar alí ôs meus veciños?

—Escoite logo, meu D. Martiño. Xa que cobiza, custe o que custe, asegurarse de todo e ver pol-os seus ollos o que hay n-o asunto, colla ese carreiro, camiñe de presa si pode, escontr' a esquerda topárase c' un gran portalon, alí enteiraráno de todo. Vaya, bendito de Dios.

Y-o ánxel pechou a porta.

Era un longo carreiro enlousado de tizôs ardendo. Eu facía eses coma s' estívese chispo: entrompezaba á cada paso. Suaba, non habia pelo d' o meu corpo que non deitase unha pinga d' auga, abafaba co-a sede... Pro afellas gracias ôs zocos que m' emprestara o señor San Pedro non m' abrasei os pés.

Dempois d' entrepezar d' abondo, coxeando ben, vin á mau esquerda unha porta... porta non; un portalon enorme, aberto com' a boca d' un forno. ¡Ay meus filliños, que cousa aquela! Alí non me preguntaron pol-o nome, alí non hay rexistros. Por fornadas éntrase por aquela porta como vosoutros entrades os domingos n-a taberna.

Eu suaba a gota gorda e mais por eso tiña escalofríos. Arrepiábansem' os pelos. Cheiraba á chamosco, á carne asada... cheiraba cuasementos como cando en Carballeira, Bastian o ferrador queima, pr' os ferrar, os cascós d' un burro vello. Eu esvaíame n-aquel aire ardente e pestilencial, oubía unha tremenda algeuirada, salayos, oubeos, e xuramentos.

—Estonces, entras ou non entras—dixo tan-
guédome co-a sua forcada un demo cornudo.

—¿Eu? ¡Eu non entro! Son un amigo de Dios.

—¡Tí eres amigo de Dios! ¿Enton qué rayos
vés facer eiquí, marrau tiñoso?

—Veño... Ay non me fale que non me teño n-as
pernas. Veño... veño de lonxe á perguntarlle hu-
mildosamente, si... si por casualidá non terían por
eiquí algun... algun de Carballeira.

—¡Ay rabia d' o Carballiño! Seica te fás o
doído como si non souberas que todo Carballeira
está eiquí. Mira, corvo vello, mira e verás que trato
lle damos por acó ós teus queridos carballese.

Enton vin n-o medio d' unha espantosa labare-
da de lume, ó langran d' o Goriño d' as Xuncas (ben
o conocestes, meus amigos), ó Goriño, qu' andaba
sempre borracho, e que tan á miudo lle mallaba o
lombo á sua Marica.

Vin á Catuxa d' a Eira, aquel bandallo d' aque-
la chata que saía á dormir ó sarau. Ben vos acor-
daredes, lampantís. Pro vamos adiante: xa dixen
d' abondo.

Vin ó Ramon Dedos de Pez, que facia o seu
viño co-as uvas d' o vinculeiro.

Vin ó Alberte d' a Cancela, qu' espichou sin
acordarse de pagar dous anos e piques d' a sua
suscripcion ó *Tío Marcos*.

Y-ó taberneiro Bras, que tan cara nos vendeu
a auga d' o seu pozo.

Y-aquel escalazado d' o Cancheiras, que cando
m' alcontraba levand' o Viático, seguía o seu cami-
ño, foncho, co-a monteira encasquetada y-o cigarro
n-a boca, como si pasara un can.

Y-ó Anton d' a Rabaza, e Farruco d' o Muiño,
y-ó Pepe d' Aira co-a sua Sabela

Aturrullados, cheos de medo, xemeron os d' a
parroquia, vendo n-o inferno, aberto de par en par,
quen á seu pái, quen á sua nai, éste a sua pa-

renta, aquel á seu abó, aquel-outro á sua hirmá...

—Xa vedes, meus hirmaus—seguiu dicindo o señor abade,—qu' esto non tén xeito. Teño cargo d' almas e quero sacarvos d' ese fondo abismo en que vades caír de fociños. Mañá, mañá mesmo, poño maus á obra e xa me caíu que facer. Vede como vou á gobernalo. Pra que todo saya ben, hay que facer ben as cousas. Iremos por castes como cando se baila n-o turreiro.

Mañá, lús, confesarei ós vellos y-ás vellas. Esa é unha zapicallada.

Martes ós nenos. Millo miudo.

Miércoles ós mozos y-ás mozas. Este xa é outro cantar.

Xueves ós maridos. Por *brevis et breve*.

Viernes ás mulleres. Xa lles direi que me deixen de contos.

Sábado ô alcalde. Pr' este non sei si me chegará o dia enteiro.

E si o domingo arrematamos podémonos dar por contentos.

Xa vedes, meus fillos, que cand' o trigo está maduro hay que segalo; cand' o viño está n-a xerra hay que bebelo. Basta xa de roupa luxada. Trátase de lavala e de lavala ben.

Gracia que á todos vos desexo. Amen.»

Dito e feito. Fíxose a colada. Dendes d' aquel domingo relebrado, o cheiro d' as virtudes de Carballeira arrecende en dez legoas á redonda y-o bô d' o abade D. Martiño, feliz e satisfeito soñou nantronte, que seguido de tod' o seu rebaño, rubía en esprandecente procesion en medio d' as velas alcesas, d' unha arrecendente nubè de incenso e d' os monecillos que cantaban un *Tedeum* o brillante camiño d' a cibdá de Dios.



AS MOZAS GALLEGAS.

I

Churrusqueiros mozos qu' andades de festa en festa e de feira en feira, de riola e de trullada pol-as aldeas, inda que co-elas tendes tratos, non sabendes o que son, nin o que valen, nin á onde chegan, nin d' o que son merecentes as feiticeiras mozas d' a nosa terra.

Hainas, e non-as houbera pra degoramento d' os arrangallados vellos, hainas de total-as castas, de todol-os xeitos e de todol-os gustos, dend' as moreniñas como as amoras d' as silveiras, hastr' as brancas com' as neves que ás serras coroan pol-o inverno; dend' as fortes e rexas e corpudas, capaces de tumbar un boy d' unha puñada, hastr' as de corpiño axeitado que se arrendeán com' os xuncos veira d' o regato, e que sin estaren fracas com' as ánemas, aseméllanse pol-o aéreas á espíritus d' ánxeles encarnados en corpos de mulleres.

¡Qué mulleres! ¡Qué mozas, Maria Santísima, son as mozas de Galicia!

Longos cabelos espállanse pol-as suas espaldas, á maneira de manelas d' ouro, si son roxas, e de madeixas de seda moura, si son moreniñas. Elas non precisan pra se peinaren d' andar pondo d' armadillo trenzas de pelo de morta, mercado n-unha barbería, nin anacos d' a cola d' os cabalos, vendidas en troques de pelo pol-os traxinantes d' a moda. Pra se lavaren escollen as augas d' os regatos en vez d' esas augas cheirosas que nos tran d' o estranxeiro á forza de cartiños. Ó mesmo se lavan n-as augas d' o rio, que n-as d' un murmullador regueiro, que n-as d' asosegada fontela. Véxanas ou non, pra facer o tocado non andan con arrodeos. Péinanse d' unha asentada y-entrenzan os cabelos n-un suspiro.

¿E que me decindes d' as que gastan muradana e dengue?

¡Alabado sea Dios que n-aquelas cariñas e n-aqueles corpos se ven lostregantes todol-os feitzos d' a fermosura, todal-as galanías d' a gracia e todol-os donaires d' a muller!

¡Qué mozas, meus mozos, que mozas!

Nin xiquera botan polvos pr' enfariñar a cara. Non fan com' as señoritas, que de botalos, bótanos diante d' a xente. As nosas mociñas, que teñen mais vergonza e mais aquela, si botan polvos, de s' enfariñar, fannó ás furtadelas.

As mozas gallegas campan de seu e parés que van dicindo por onde camiñan: «Eiquí non vai trampa.» Non gastan d' arrumallos nin de pomadas, nin d' unguentos cheirosos pra finxir o que non son. Van ô natural, e si non teñen o andar lixeiro, pois d' unha pisada n-un callo mozas hay que lle fan á un ver as estrelas, tampouco levan n-o traseiro (con perdon sea dito), esa casta de sillís de cabalo que levan pol-o mandado d' a moda e seica c' o gallo de lle chamar a atencion ôs ollos d' os homes, as fidalgas d' a vila, eses agutíos de muller

ou esqueletos enfaldrados que andan ôs catro ventos padricando as cativeces d' a natureza y-as fraquezas d' a carne.

A moza d' aldea vese, e cuasque se palpa con vela. A señoriteira moza d' a vila, adivíñase solamentes emperifollada entr' as telas, á xeito de fermosura fofa, ou de pantasma de fume que se vai d' as maus ô cobizar tocala.

Creéndeme; darlle unha aperta á unha moza, é coller un atracon de venturanza, sentir algo de felicidade. Darlle unha aperta á unha señorita, vén á ser vivir d' ilusiós, estreitar entr' os brazos algo que se vai e non se sente, algo que se goza e non empresta.

¿Señoritas á nosoutros? ¡O aire!

Esquecíaseme. N-esto d' os nagocios d' as aper-
tas enténdase que a boa intencion vai á salvo e dito sin malicia.

As mozas gallegas enchen o ollo. ¿E cómo non han d' enchelo?

Os ôsos, de telos, téñenos ben acultos.

¿E que vos parecen cando van c' un feixe d' herba ô lombo? ¿E que se vos pasa pol-as mentes cando as atopandes n-o monte arrecadando o gando arrente d' aquelas vacas grosas con ubérrimos peitos, prontos á encher a canada de leite á nada que se mungan? ¿E non vos admirades d' a sua fortaleza cando andan ô *¡perico toupa!* c' os carneiros d' a raza merina que cuasementres teñen a alzada d' os cabalos? ¿E que me diríades ô velas c' o rodo n-a mau tornando as augas pr' o seu eido, co-a saya entalada, descalzas de pê e de perna, e cuasque —por mais que a comparanza non arresulte propea— asomellando a Venus surxindo d' entr' as escumas d' o rego?

¡Abofellas que vos son moito mozas, as mociñas d' a nosa terra!

As d' Esparta non chegan co-elas n-o tocantes á

sentementos varoniles; o mesmo emborullan un rapaz, que o levan n-o colo pol-o camiño, que amasan o pan, que tanguen os bois, que munguen as vacas, que acomodan os porcos n-o cortello, que lavan a roupa, que lle fan o xantar ôs homes d' a casa, que parolan d' amores, qu' entoan melosiñas cántigas e queixosos alalálas, que botan unha beilotada n-o turreiro, que rezan o rosario n-a eirexa, que fian unha libra d' estopa, que andan ás loitas c' os mozos n-os sementados, que abantan un portelo, que brincan un regato ou ruben unha costa sin xiquera tomar alentos.

¡É moito pulmon o pulmon d' as mozas gallegas!

II

Sigamos falando d' as mozas gallegas.

¿A quen non lle prace a conversa?

¿Os vellos? Inda que anden con revoltas finxindo arrenegar d' elas como d' o demo, e por estaren acabadiños, xurando e perxurando que nin ánemos teñen pra falalas, á min que non me veñan con andrómenas; en de vendo unha moza rezusitan ôs tempos d' onte, sinten rebulir a sangue n-o corpo e bater o corazon como si s'alcontrasen n-os seus millores anos. E inda mais; míranas c' o rabifio d' o ollo, e n-o chiscar d' aquelas olladas lagarteiras parés que van dicindo: «Sinto non te valer, miña xoya.»

¿Os casados? A non ser pol-as uñas d' as sogras, si son tan desgraciados que as teñen, ou pol-as arrautadas que poidera facer a mulleriña, ôs casados camiñarían detrás d' as mozas gallegas, patexa que patexa, e pia que pia, com' os pitos ô rabo d' as galiñas.

¿Os solteiros? ¡Ora o demó! Eses nin viven, nin beben, nin comen, nin folgan, nin fuman lonxe d' as mozas gallegas. Non dan un paso á satisfaccion, nin sinten legrías, nin soñan espranzas sin estar preto d' elas. Eles son o aceiro: elas o iman. Eles as volvoretas: elas a fror. Eles os rios: elas... a mar.

Vellos, casados, viudos e solteiros, sendo nados en Galicia, e non-o sendo tamen, porque as nosas mozas son cobizadas por todos, diante por diante d' unha d' esas mozas enxebres, de mirar atentador e churrusqueiro, que tanto dí sí como non, de meixelas d' escalrata, de rêxos peitos e d' infrados mo-fretes, de longo cabelo e de pestanas longas, de corpo xeitosiño, d' andar pouson e reboidor òn tempo, d' esas de natureza agradecida, que pesadas n-esas que pol-a nova chaman vásculas, botarían cen kilos anque o sudan á miudo n-as angueiras d' o campo; d' esas que asomellan as Vénus de Mé-dicis, anque pra contrariar a somellanza gasten muradana e dengue; d' esas que non se sabe á cencia certa cando rin ou cando choran, porque teñen n-a sourisa as malancónicas vaguedás d' unha serenata de Xuven, e n-os salayos e n-as vagoas os latexantes lostrogos d' a poesía e d' o amor: diante d' elas, volvo á decilo, arrastrados por unha sacreta forza, os homes de todas as castas e de todos os estados, esquécese d' o que son, volven de seu ás andadas d' os tempos mais saudosos, e perdoando a comparanza, pónense de pê com' os gatos, arriscan os dentes com' os burros, y-están sobre d' aviso com' os centinelas. pra si cadra rendirenlles preitesía e facerenlle os honores debidos â maxestá, galanía e fermosura d' unha real moza gallega.

¡Nunca Diol-as dera pr' e noso tormento n-este mundo cativo!

Eu,—perdoando tamen a comparanza,—conezo as mozas gallegas pol-o cheiro com' os cas conecen

as cadelas. Non preciso d' as ver pr' atinar onde s'alcontran.

Alí onde haxa festas, aturuxos, runflas e cántigas, non marra, non pode marrar, alí hay mozas gallegas. Onde se vexa unha fror, onde sonen armunías, onde s' esparexa unha luz, onde se sintan eses docísimos arrolos de tenros falares e de melosiños arroubamentos, alí, d' a maneira que a lua brila entr' as estrelas, y-o sol refulxe entr' os arreboles d' as nubes, alí hay unha moza. Esto pra lle dar sinal ôs que non están n-o intríngulis d' a mocedá; pr' os outros, pr' os que se lle vai o santo ô ceo e perden as horas escorrentando musarañas, hay outras sinales mellores, outros mais seguros síntomas d' a existencia d' unha moza gallega.

N-a rua onde anden os mozos rondando, n-a chouza onde âs altas horas d' a noite vexandes os reflexos d' unha luz, ou sintandes os ladridos d' un can de palleiro, n-a ventana onde vexades un cacharro con albayacas, alí, alí, podendes xuralo, alí tén o seu trono unha d' esas reinas, que sin reinar gobernan, e que se chaman, porque a dinastía é muy abondosa e cisca á miudo herdeiros, á secas e simplemente, moza gallega.

¿E que vos falarei d' as suas costumes n-o tocantes ô amor? Pol-a contra d' as demais mulleres anóxanse hastra chamarvos marraus si lles falandes d' aquilo que non sea d' o seu gusto. Eu sei d' algunhas que prefiren que as maus non acouben á que s' esparexa a lingua; pro tende tino, librai vos como d' o lume d' o inferno de pretender impoñelas n-os misterios d' o amor: as amorosiñas ovellas volveránse lobas doentes.

Mozos, meus mozos solteiros, fálovos por esperencia: n-os xogos co-as mozas gallegas sempre tiven que sentir mais pol-os ditos que pol-os feitos. Por coller e' os dentes as rosas d' unha meixela, costoume, á todo costar, unha sourrisa; por botar á paseo

a lingua, por lles dicir unha picardía, inda hoxe se me recorda, unha moza gallega que non chegara á cheirar as froles de dazasete primadeiras, estando segando a herba n-un lameiro houbome d' arrabagnar c' unha fouciña os cinco dedos d' a mau direita. E non vayades á pensar que s' apurou pol-o peligro. Víume ô descuberto cuasque os ôsos d' o dedo maumiño, e, como si acabara de pelar unha patata, díxome con sourrisa d' ánxel, que pra min d' aquela pareceume unha carcaxada d' o demo: «Non é milagre que paguen as maus as que fai a lingua.»

¡Hainas... hainas! ¡Ogallá que non-as houbera! que teñen un corazón que dá tanto de sí como si fose de goma. Outras que o teñen á xeito d' unha caixa de música: dáselles ô resorte e sonan; déixaselles de dar... e paran. Non vos fiendes d' os xuramentos d' as mozas gallegas si vos xuran amor. A todos din que os queren e non queren á ningun. Pra elas o verdadeiro amor estavos n-a sancristía d' a parroquia. O día que se casan escomenzan á querer. Namentres ese día non chega é pra elas como pelar a pava, ou pelar un polo, ou debullar chícharos.

O víspera de se casar con outros oubin á moitas ¡mais me valera ser xordo! xurar non s' esquecer de min namentres viviran.

¡Qué condanadas, pro que lindas e churrusqueiras son as mozas gallegas!

Diol-as cria pro o demo méteselles n-o corpo.

Así e todo non arrenego d' elas.

¿Hay por esas aldeas de Dios unha moza, non pasando d' os trinta, ou duas de quince—pol-a mor de partir as diferencias pol-o medio—que s' alugue?

III

Non me vexo farto de falar d' elas. ¡Meigas de mozas gallegas! Solasmentres c' o chiscar d' os ollos fánme cóxigas.

De total-as maneiras son garridas e feitizado-ras. Andando á modiño somellan virxes; correndo, volvoretas; si se sentan, bárreselle á un a vista; si entropazan, perde un o sentido; si can ¡eu non sei, vamos!...

¿Entoan un alalála?... D' alí ô ceo.

¿Póñense n-un desafío de cántigas n-a veira d' a fonte, n-esas noites de luar que tanto feitizan as nosas aldeas? D' alí á ningures.

Hastr' os homes de peso deixan de selo vendo unha moza gallega, pois andan lixeiros com' os galgos que ventan unha lebre n-o monte, ou rebrincan com' as corzas n-as brañas.

Unha romaxe sin mozas sería un xardín sin froles, un ceo sin sol, un turreiro sin gaita.

Cando vexandes que s' arma unha de paus n-unha festa, non devanéndel os miolos pr' esculcar a causa, nin ô viño lle botendes a culpa: foi pola mor d' unha móza gallega. Non haxa medo que pol-as noites ronden as portas d' as casas onde non viven as mozas.

Parés mentira qu' estes ánxeles se volvan demos solasmentres con chegaren á sogras.

As mozas en Galicia pódense escoller á feito. Si as de Muros e Neda teñen lembradía de xeitosas e repoludas; si as d' o Ribeiro d' Avia son amorosinas y-ardentes segun din os que andan entr' elas; si as de Noya e total-as d' as Mariñas falan com' as fadas e teñen n-o seu falar os acentos mais melosiños;

si as d' o Ferrol y-as d' a Cruña espárense legrías e pracer por onde camiñan; si as de Vigo levan mais sal n-o corpo que as augas d' o mar; si as de Pontevedra teñen n-as suas cariñas as gracias y-os esprandores d' aquel ceo de nubes refulxentes de luz; si as d' Ourense nos recordan pol-o seu aquél e pol-o seu axeitado corpiño as fermosuras griegas, o ferve n-elas o amor mais que as augas n-as Burgas; si ô ver á unha de Lugo vénselle á un ás mentes o dicir: «¡Alabado sea o Santísimo Sacramento!» seica lembrándose de que n-aquela vila s'alcontra espосто de dia e de noite; as de Santiago non lle deixan de poñer o pê diante, nin as de Mondoñedo de lle facer a contra, nin as d' o chan de Valdeorras de pasar por diante de todas co-a fantesía de ll' aventaxar en méritos, nin as de Carril, nin as d' a Estrada, nin as d' a Ulla, e por esta carrilleira poderendes recorrer o mapa de Fontan, n-a seguranza de que n-as costas d' o mar, n-as oreas d' os rios, arrente d' os piñeirales e d' as carballeiras, n-o corazón d' os vals, n-os picoutos d' as montañas, terra afora e terra adrento, n-as vilas, n-as aldeas e n-as cibdás, alí onde haxa un anaco de terra gallega, alí hay un tesouro que cobizar, unha xoya de validencia que conquistar, unha muller qu' esperte n-o espritu sonos de praceres e d' amor, unha moza gallega.



A TIA SABEL D' O PEREIRO.

Non grabaron en mármoles o seu nome, nin d' ela falan libros nin contan as crónicas; pro vence os tempos, e com' aquelas mulleres que conqueriron inmortalidá pol-os seus feitos groriosos, de xeneracion en xeneracion, sin que a lembren os maestros d' escola, nin n-os seus laudes padriquen os cregos, as xentes lémbra, e n-a concencia popular vive a tia Sabel d' o Pereiro como Xuana d' Arco, Maria Pita e outras mulleres insines.

Debeu nacer alá pol-os anos mil. N-o rexistro d' a parroquial d' o Pereiro d' Aguiar, por moitas esculcas que se fan e fixeron, non se deu co-a partida de nacemento d' a tia Sabel.

Pra facer, pois, a sua biografía, tense un que ater os falares d' a xente y-ôs ditos d' os vellos.

N-esta, como n-outras cousas, os gallegos non s' alcontran d' acordo, nin os veciños d' o Pereiro falan acordes n-o tocantes á vida e milagres—si algun fixo—d' a tia Sabel.

O que ninguén nega é que non fose probe. En toda Galicia en de vendo unha vella engurrada, y-enganida, e chea de mendíños, dise, cicais pol-a costume: «Andache acabadiña com' a tia Sabel d' o Pereiro.»

Pra non andar con arrodeos, contarei o que me contou pol-os anos derradeiros o vello mais vello d' os arredores, un patrucio de cento dous anos, que si non tiña recordanza d' o rey que rabiou por sopas, facia memoria d' o rey que tremou de medo aló en Francia, n-o castelo de Valencey, dado ô demo d' o coloso d' o sigro, Napoleon I.

Él y-eu, perna sobre perna e mau á mau, sentados baixo d' un parral e c' unha xerra d' arrecendente viño â veira pra mollar a palabra, pasamos unha tarde d' o vrau n-a conversa que vandes á saber:

—Non faga esculcas pra recoller apuntes sobre d' a tia Sabel d' o Pereiro: recóllaos d' as rapazas churrusqueiras d' os nosos dias. Non podemos negar que somos vellos pro fagamos xiquera saber qu' inda non se nos esqueceron os recordos d' os tempos novos. A min de cando en vez afervóaseme a sangue n-o corpo.

—¿Y-estó á que ven?

—Ven á que non vale a pena de se lembrar d' a tia Sabel d' o Pereiro, habendo tantas agora pol-as nosas aldeas que nola pintan en corpo e alma, co-as suas costumes, c' os seus ditos, e c' os seus feitos; co-aquela lingua que afuraca as paredes, co-aquelas pernas dispostas sempre á andar â pedicha, e co-aquelas maus que non tiñan vagar de mais prêsa que recorrer as dôas d' o rosario, ou agarrarse á calquera cousa que os veciños deixaran descoidada n-as chouzas e n-os agros; co-aqueles beizos que tan ben alababan á Dios, como inda non apagádos ecos d' os laudes, facian como lobos famentos preixa n-a honra d' os seus somellantes; co-aquelas

finxidos apuros de s' encomendar á Dios diante de todol-os d' a parroquia, pra facer pautos e' o demo alá pol-a media noite cando ninguén reparaba n-ela.

—Pol-o que vexo, tío Garandela, pra vostede a tia Sabel d' o Pereiro non pasou de ser unha d' esas vellás roñonas e marmuradoras, que pra castigo d' as boas xentes viven n-as aldeas, solamentres pensando n-o mal e n-a supersticion co-as pauliñas que parés que lles botaron n-o lombo ás mullerés, sendo novas, pra levárenas d' arrastro encontr' os infernos ô chágaren á vellás.

—Piques arriba, piques abaixo, esas son as mi-fias contas.

—¿Pr' o qué caro lle custa dicirme aquilo que sepiá d' a tia Sabel d' o Pereiro?

—Home, pol-a mor de Dios, ou fai a bulra de min, ou quéreme comer a broa.

—Dispense, tío Garandela, eu non lle fago mais que beber o viño.

—Pois outro trago, e como íbamos dicindo, mal podo contarlle historias d' a tia Sabel d' o Pereiro si polo d' agora non veu ô mundo.

—¿Cómo que non veu sendo tan lembrada?

—Direille, pr' o meu ver os chuscos, que os hay d' abondo en todol-os tempos, alá n-a sua fantesía, pra se vengar d' as falcatruadas d' algunhas vellás, maxinaron un tipo e dempois de maxinalo, pra que a boubá correse con mais seguranza, sin-o levar á pia e sin ter o traballo de buscar padriño, crego nin sancristán, puxéronlle por nome Sabel d' o Pereiro, e colou en toda Galicia, como colan miles e miles de contos de bruxas, aparecidos e meigallos.

—¡Demo non digas!

—Non lle ten volta, hoxe n-o día haille moitas Sabelas d' o Pereiro, pro co-as maus postas n-os Santos Evanxelos, podo xurar que non houbo tal tia Sabel d' o Pereiro, anque non fora milagre que n-as terras d' Aguiar saise unha muller d' esta cas,

ta, porque a xentiña d' o Pereiro élle muy abonada pra botar estas crias ô mundo.

Oya e perdóneme si n-elo hay descurtesía. Que malos lobos me non coman si non lle falo como si m'alcontrase diante Dios dándolle conta d' os meus pecados o dia d' o xuicio.

Onde haxa unha vella que non faga mais que rezar e sacarlle o pelexo ôs veciños, qu' ende ventando un morto s' esconsolle á berros como n-o tempo antigo facían as choronas; que c' o gallo de meter as paces n-os matrimonios, enxergue, teza e desteza contos e faladurías noxosas; que vaya botar as cartas por calquera cativez que lles pase; que lle faga a figa como si bruxas fosen ás vellas com' elas, qu' en troques de seguir o seu exempro contaminante, miren mais pol-os bês d' a casa, coiden d' os netos e precuren menos pol-o que pasa n-a casa d' os veciños; as que atafegadas pol-a envexa roan, com' as ratas n-o touciño, n-o creto d' as mulleriñas solteiras, que non fan mais que facer o qu' elas fixeron n-a sua mocidade; as que n-os sete días d' a somana van ô pê d' o confesonario pra lle contar ô señor abade, á quen molen zugador n-a sua pacencia, cousas que non veñen ô caso, camandulerías d' as que non s' arrepiñen, malicias que non ven fora d' o seu espritu, e diañuras qu' encobren co-as aparencias d' unhas santas, pra non s' arrepintir nunca nin facer propósetos d' enmenda; as que picando en meicifeiras e de camiño que van visitar ôs enfermos falan pestes d' os médecos, d' os que din que non fan mais que matar os sanos, aconsellándolles en troques que collan terra de sete carreiros, que a machaquen con mexos de lagarto virxen hastra facer unha cataprasma pra poñer n-o peito, e outras zaramallas somellantes; as que xuran e perxuran que viron de noite arrente d' o adro d' a eirexa andar ô demo d' acabalo d' un morto d' aldeia, proba de que morreu condanado e de que

s'alcontra ardendo n-os infernos; as que finxindo doerse d' elo fólganse n-as desgraicias alleas e non ven as venturanzas con bós ollos; as que com' a sombra ô corpo persiguen ás mozas com' as arañas persiguen ás moscas, pra facelas caer n-as redes d'a perdicion, que botan pol-o xeito d' os pescadores pra coller as troitas n-os rios revoltos; as que andan de cotío figoneando pol-a aldea pra s' enteirar d' a vida d' os veciños e contala dempois mintindo á todos, en *sacreto* pra que non se sepia—pois fuxen d' a murmuracion como d' o lume;—as que á conta d' outros lle teñen misas por *devocion* á San Antonio, e como si pidiran pr' as ánemas andan pidindo pra misas, e por non levar a conta pol-os dedos, fana ô vultuntun, sisando n-as limosnas, como si cadra, n-o millo que se tende ô sol pra secar... esas son outras tantas Sabelas d' o Pereiro, que manteñen a creenza n-o mal d' ollo, as xenreiras e total-as pragas morales n-este adourado currencho d' as terras españolas que se chama Galicia.



OS GRAXOS D' A BURGA.

Pasaron moitos anos; esquecéronse moitos recordos; desapareceron as mais d' as vellas costumes d' Ourense; pro non se barreu d' a memoria d' as xentes o recordo nin as costumes d' os *graxos d' a Burga*. Inda hoxe a sona que deixaron esténdese pol-as vilas y-aldeas de toda Galicia, pois o mesmo que a sombra ô corpo, vai esta nomeada seguind' ôs fillos d' Ourense por onde camiñan.

¿Qu' estudante non escoitou aló en Santiago d' os bermellos lábeos d' a costureira á quen cortexaba, as frases de «non me fio qu' eres d' os *graxos d' a Burga?*» ¿Qué fillo d' Ourense non se lembra d' os receos con que foi mirado pol-as mozas n-as romaxes d' a nosa terra, e d' os contratempos con que tivo que loitar dinantes de se facer dono d' o seu corazon, soilo por ser *d' os d' a Burga*, como nos chaman?

¿Qué pái, por deixado d' a mau de Dios que andivese, foi de boas á primeiras gustante en que a

sua filla falase c' un d' Ourense, sendo como son *graxos d' a Burga*, e pol-o mesmo considerados pol-os labregos, sin que se dén conta d' a razon que teñen pra xuzgalos así, como ôs mozos de menos lacha e mais sabidos en picardías que andan pol-o mundo?

Como n-os tempos d' a inquisicion era pr' os relaxados o *sambenito*, así é pr' os ourensais inda hoxe, a nomeada de *graxos d' a Burga*.

Outros a fixeron, e como si se tratase d' un foro ou d' unha renda perpétua, vímola pagando nosoutros, sin que nos valla axuntar cartos pra redimir esa gabela que nos botaron ô lombo dinantes de que nacésemos.

Pra que todos conezan o que eran os *graxos d' a Burga* e pra que se convenzan de que desapareceu a caste, e de que non é xusto que xuzguen ôs ourensaios com' os xuzgan, vouvos contar a causa d' esa pauliña.

Aló pol-o ano de 1834, dempois de que botaron ôs frades d' os conventos, dous órfos de 17 anos que non tiñan oficio nin beneficio, nin quen lles dese de comer, nin sitio ond' acollerse, cansos d' andar langraneando por esas ruas, ganándolle a volta ôs serêos pra se librar d' unha malladura de costelas, axuntáronse baixo d' a costa d' Alameda, onde os vagamundos debían xogar ô parar, si non mente aquela cántiga

Ay Baltar
non xogues ô parar
n-a costa d' Alameda
debaixo d' hospital.

e sentados ô pé d' aquel gruñeiro que debeu ser prantado n-o tempo de Maria-Castaña, puxéronse á parrafear, ocupándose d' a sua sorte e d' o seu porvír, cicais pol-a vez primeira.

Non contan as crónicas o que falaron; mais sábese de certo que oito dias dempois d' aquel pa-

rrafeo, estabrecean os dous galafates o seu lar n-un cabouco feito pol-os homes, e que servia de rexistro, como punto medio d' a Burga d' Arriba e d' a Burga d' Abaixo.

A *fundacion*, como total-as cousas novas, foi adiante e chegou á ter moitos adiutos. Todol-os vagos e moitos fillos de familia, que sin selo, andaban chalados d' a casa, tiñan alí o seu ágarimo, os seus compañeiros, o seu modo de vivir.

N-o inverno pol-as noites durmian ô quente: n-o vrau pol-as tardes cando a raxeira d' o sol contiña ôs veciños n-as casas, eles saían ás arrasadeiras, e pol-as noites cando se deprocataban de que os serêos prenderan n-o sono, nin mais nin menos que si fosen grilos, saían d' o burato pra cantar e tomal-o fresco.

Non pasaron catro meses e xa tiñan lembradía en sete légoas á redonda: o cabouco, chamábase *Casino*, os seus habitadores eran conecidos c' o nome de *graxos d' a Burga*. Os sete primeiros sócios, os mais ilustres graxos, os lexisladores d' aquela sociedade aventureira e nómada, os que botaron as bases d' aquela congregacion de nugallás, os inxenheiros, arquitectos e traballadores á un mesmo tempo, que trazaron, dirixiron e fixeron as obras d' o *Casino d' a Burga*, foron, o *Mouron*, o *Pachete*, o *Portela*, o *Redes*, o *Carruxo*, o *Oso* y o *Cancheiro*. Eran sete com' os sábeos de Grecia.

Pra ser *graxo d' a Burga*, á ninguen se lle pedia patente, nin cuota, nin certificacion de boa conduta, nin xiquera o nome de pia, nin os apellidos de pãi e nãi. Con dicir: «Eiquí estou», tíñase feita a presentacion en forma. O bautismo facíanllo dempois sin cirimonias, c' unha nomeada d' a que ninguen s' esquecia, como si a grabasen en letras d' ouro n-o medio e medio d' a praza. O regramento porque se rexian, sin ser escrito nin publicado, cumpríase ô pê d' a letra, pol-a contra d' os que se poñen en

letras de molde e se publican, que nunca se compren.

A ley social d' os *graxos d' a Burga* alcontrábase n-esta frase espida de retóricas: «Todo é de todos.» N-aquela comandita non habia ganancias nin perdas, nin capital nin traballo. Si un tiña a fortuna d' arrapañar algunha cousa boa n-unha taberna d' a vila, disfrutábana todos en amor e compañía, e probe d' o *graxo* que dinantes de chegar ô *Casino*, s' estrevese á pitiscar o que afanara; fose pan, fosen sardiñas, tal como se collera contr' a voluntá d' o seu dño, prantábase n-o chau que facia de mesa e serviase por iguales anacos á todos *socios*. Non habia hora fixa de xantar, porque moideas *non habia de qué*. Os estómagos d' os *graxos d' a Burga*, asemellándose ôs corpos, estaban afeitos á non *traballar* á diario. Cando pasaba un dia sin comer y-ôs mais d' eles se ll' abria moito a boca, non levaban á ela as maus pol-a mor de que non-as pagasen c' unha dentada por ser as causonantes d' a *fame que corria*.

Tampouco andaban muy sobros de roupa: pr' ôs sete non tiñan mais que tres *mudas*, compostas de tres pantalôs, tres chaleques, tres chaquetas e tres gorras escalazadas; e nada tén d' estrano que á esto lle chamasen *mudas*, porque seu traxe era feito pol-o xastre e d' o mesmo pano c' o que visteu Adan n-o Paradiso; quero dicir, que d' os sete, catro andaban en coiro, pois o turno pra *mudarse* non chegaba mais que á tres.

Os que andaban de *roupa nova* tiñan que *facen o servicio* por fora; os demais quedaban de centinela gardando a entrada e saída d' o *Casino*, pol-a mor de que ninguén se colase por él embaixo, cousa que socedeu poucas veces, e cando socedeu, sin que os *graxos* lle batesen, o que tal fixo levou que *rascar pra unha tempada*.

Cando algun *graxo* se puña ô sol e s' entretaña en matar pol-o sistema d' *uñate* a cochumillada

que lle proía n-o corpo, non faltaba compañeiro que ll' adevertise o daño qu' estaba facendo, n'estas ou parecidas palabras:

—Deix' as uñas pra mellor acasion: non trates tan mal á eses exércitos que nos defenden e gardan sin que coman rancho nin pidan plus, e que sin lle pasar revista de comisario teñen o armamento tan corrente, que non hay quen s' estrema á chegar ond' á nosoutros.

Os *graxos d' a Burga* tiveron as suas malas épocas, e non deixaron de pasar os seus traballos.

N-a Burga d' Arriba, n'a cume d' a fonte habia unha pedra longa dende a que podia guiparse o que pasaba ô longo d' o *Casino*. Os rapaces d' Ourense descubriron aquela cras de pena-vixia, lembrada *Santardós*, e pr' atentar ôs graxos armábanse de pedras e dend' alí acantazábanos, berrando á todo berrar: «¡Luz ô *Casino!*»

Aquela pedrea chegou á facer a delicia d' os rapaces qu' andaban n'a escola d' o Rebolo, os que dinantes que chegase a hora d' entre lusco e fusco, x' andaban axuntando municións e xente que lle fose *dar luz ô Casino*.

Pra se librar d' os cantazos, tiveron os *graxos d' a Burga* que facer unhas obras de reparacion e defensa. Abriron unhos buratos n-a parede, e n-eles se metian engruñándose namentres que os pelouros estrondaban e rodaban pol-a cova embaixo.

As panadeiras d' a Barreira queixáronse ô alcalde señor Lebron de qu' os graxos lles roubaban as broas enteiras, e d' a noite pr' a mañá, e' o pensamento de que os sereos poidesen collelos millor, por órde d' a autoridade, un ferreiro púxolle unha reixa ô burato que daba said' á Burga d' Arriba.

—Pecháronnos unha porta e non hay chave que faga n-ela—dixeron os graxos,—mais non por eso deixaremos de facer as nosas escapatorias.

Vend' o alcalde que non daba resultados a gaza-

peira, anoxous' e mandou que puxesen outra reixa n-o burato d' a Burga d' Arriba. Escomezou á traballar o ferreiro, anuncióuselles que si non saían quedaban alí pechados pra sempre; mais como si tal cousa, os graxos, dinantes de se rendir ô inimigo, acordaron morrer alí xuntos, imitando así, sin coñecer a Historia nin pol-o forro, o heróico exemplo d' os fillos de Numancia.

Os *graxos d' a Burga* tiñan o corazon á proba de desgracias. D' unha vez armáronlle á un d' eles unha trampa n-unha viña: puxéronlle unha gran ratoeira de ferro, feita d' encarga pr' o caso. Caíu un n-ela e tronzóuselle unha perna. Os *graxos d' a Burga*, lonxe de ter mentres de se vengar d' o feito, escramaron cuase churumicando: «Trátannos com' ôs zorros, pro non hay que facerlle. Xa teremos tino de manter á ese coitado compañeiro que quedou impedido pr' o *traballo*.»

N-as noites d' inverno tiñan iluminad' o *Casino* e' os faroles qu' afanaban n-os patios d' as casas; mais nin con luz chegaron os sereos á collelos des-coidados. Cando un sereo metía a cabeza polo burato, como si fose por bruxería, as luces apagábanse y-o *Casino* quedaba ás escuras, e si houbo algun que noxado pol-a bulra se resolveu á entrar á tentas, nunca diu c' un d' eles nin por moito tentar, pois n-estes casos á voz de «¡ratos ôs buratos!» iban os *graxos d' a Burga* á poñerse como si tivesen o corpo de goma, n-as estreitas e altas rendixelas d' as paredes, dicindo con sorna morna dempois que o sereo pasara adiante d' o escondrixo en qu' estaban engruñados: «¡Colouman!»


A mais d' un dependente d' a alcaldía que se víu n-o allo, oubinlle contar que non sabe como non perdeu o xuicio ô verse tan abouxado, ô sentir falar tan preto de sí e mais non lle poder botar as gadoupas á un d' aqueles *pararos* que voaban sin ter aás.

Por este xeito viviron hast' o ano de mil oito.

centos coarenta e seis, en que co-a chegada d' o provincial d' Ourense desapareceron os *graxos d' a Burga*, que se convertiron en tambores e cornetas dempois de resistir un sitio posto en toda regra por un *piquete* de soldados.

Dend' estonces non quedou d' os *graxos d' a Burga* mais que a relembanza, anque algun d' eles dempois de que lle deron a ausoluta, si ben non pretendeu estabrecer a *escola* de novo, prauticou aquelas costumes, viviu n-aquela vida, e morreu en apinion de *graxo d' a Burga* enxebre.

Quedounos tamén ôs fillos d' Ourense, que dito sea sin ánemo de gabarnos, nin facemos como facían nin pensamos como pensaban, a condanada sôna de *graxos d' a Burga*, pol-a que somos lembrados e conecidos n-as vilas e aldeas d' a nosa terra, sin xusticia e sin razon pra elo, como se ve pol-o que deixo dito.



1880

1881

1882

1883

1884

1885

1886

1887

1888

1889

1890

1891

1892

1893

1894

1895

1896

1897

1898

1899

1900



O SANTO D' OS CROQUES.

Vêlo alí de xinollos, ô pê d' o pórtico d' a Gloria d' a catredal de Santiago, com' un ánxel caído, co-as maus dereitas, cicais pra conquerír o perdon d' o pecado que cometeu por lle furtar ô ceo un rayo d' a luz qu' espalla os seus esprandores por aqueles inmortales ámpitos, pr' alcender os limbeiros que arrodean as imáxes d' aquela creacion divina, posta á xeito de milagre n-o mundo, n-a dianteira d' o lembrado tempo que avaricioso garda os restos d' o fillo d' o trono, d' o Apóstol Santiago.

Vêlo alí ô maestro Mateo, xenio que concibiu aquela xigantesca obra, pasmo d' as pasadas, presentes e videiras xeneraciós.

Inda hoxe o recordo. Pol-a vez primeira que vin aquela estáuta de pedra, sentin fondas estranías n-o espírito, e saudades esconsoladoras n-o corazon. A modestia d' o xenio abafoume. ÉL, que concertou aquel pórtico, que animou o rostro d' aquelas imáxes, que deu en somellanza movemento ás aás d'

aqueles ángeles, que fixo lostregar a ispiracion n-os ollos d' aqueles Patriarcas, que logrou avivar un subrime idealismo n-os corpos d' aquelas vírxes; él, que desempeñou n-o mundo a mision d' un escollido de Dios pra nos amostrar o seu poderío, escolleu o curruncho mais acurrunchado, pra poñer a rúbrica n-aquel inmortal poema d' arte que non por estar escrito en carauteres de pedra, deixa de resoar n-o espiritu com' un concerto d' armunías d' os ceos.

¡E nosoutros, vèrmes afeitos á rastrexar, inda nos estreveremos á soñar co-a grorial!

A fantasía popular, mais admiradora e xusta que o artista, si non lembra o seu nome, subrima a sua ispiracion c' un d' eses bautismos que solasmentres a eirexa fai c' os seus escollidos. O maestro Mateo é relembado pol-o pobo c' o nome d' o *Santo d' os croques*.

Ond' él levan as nais ôs seus fillos pra lle daren un croque contr' a estáuta de pedra, cicais maxinande que pol-o xeito d' o choque d' o pedernal c' o eslabon, lostregarán as chispas d' o arte n-os celebros d' os seus nenínos ô restregalos co-aquel cráneo de pedra, figuranza d' o privilexiado xenio d' o maestro Mateo.

Poucas imáxes que recollen os ardentes bicos d' a devocion cristiana, teñen unha focha mais fonda com' a que tén â forza de crocazos o chamado Santo d' os croques d' a catedral de Santiago.

¡Tolo cobizo! Aquelas restregaduras non surten efeuto, nin os degoros d' as amantes nais se ven compridos. Inda hoxe non apareceu n-os ceos d' o arte outro lumiñar esprandoroso com' o d' o maestro Mateo.

O Santo d' os croques goza de gran lembradía, pro non fai o milagre de que veña ô mundo outro que se lle pareza.



A GAITOTERAPIA.

Os gaiteiros están chamados á redimírense d' o esquecemento en que n-a nosa terra s'alcontran pol-a mor d' as murgas: si Diol-o quer, farán os oficios d' os médecos â cabeceira d' os enfermos, e de sair adiante o novo sistema que se descubreu n-Habana, poránse ricos hastra encheren d' onzas o fol d' a gaita, solo con tocala, non por múseca, n-os turreiros, sinon por meiciña n-os hospitales. Botarán por terra os chismes de raxetar furunchos, acabaránse pra sempre as cataprasmas, os sedazos, as bismas, os reparos y-as ventosas, e sin moler ôs enfermos, sin facer as xudiadas que agora se lles fan, sin obrígalos á tragar píldoras, nin á tomar brevaxes, nin á beber suliman en augas, pol-a contra, escoitando as mais arroubadoras melodías, os tonos mais doces y-as mais rebulideiras notas, reconquerirán a saude os que s' atopan en vísporas d' estarrical-a pata á xuício d' os médecos.

O novo sistema descuberto pr' a segura d' os ma-

les, penso de min que tempos andando, e dempois de que se comezan as suas ventaxas, háse chamar *Gaitoterapia*.

Mentira parés que os homes de cencia non deran en ningures co-a milagreira meiciña. Latricouse d' abondo n-as academias, escribíuse abau n-as revistas médecas; os mais ilustres galenos espremeron os meolos pra lle ganar as revoltas á moitos males que á xeito de pauliña c' os mais valentes mozos e facían deberer ás mais garridas e churrusqueiras mozas. ¡Falar por non estaren calados! Namentres que os doutores parolaban, os enfermos acoradiños e pasando pol-as que Dios sabe meses e meses, anos e anos, acababan por morrer.

Fixo falta que un soldado gallego, veciño d' a Peroxa, estivese dormindo n-o hospital militar d' Habana medio cento e piques de somanas, sin pestanexar, con total as aparencias d' un morto, sin mover tan xiquera os lábios pra dicir esta boca é miña e sin estarrical-as pernas pra espaxer a nuga; fixo falta que viñese ô mundo en Galicia un home, con estómago pra dixerir e dentes pra rillar, que non pedise de comer, que non sentira as apetencias que todos sinten e que aunase á todo aunar unha tempadiña de dazaseis meses.

E mais por eso, é tan certo como temos que morrer, que s' alcontraba alá lonxe, n-a pelra d' as Amérecas, tumbado n-o leito d' un hospital, un soldado veciño d' a Peroxa, sin apetencia, sin movemento, sin chiscar pinga d' auga nin pitiscar farrangulla.

Os médecos, como de costume, dábano por morto; tiña unha catalepsia cróneca, e n-os vellos farragos d' a cencia de curar, nin xiquera ventaban o remedio. Era o soldado d' a Peroxa un de tantos enfermos que fan n-os hospitales antesala ôs sepulcreiros; un anaco d' o poldricaño d' a natureza en

agarda d' un furmigueiro de vërmes que o rocran pol-a xorda debaixo d' as malvas d' o cimiterio; un cadavre en porparacion, a larva d' un esqueleto, un número disposto á entrar n-a suma d' os difuntiños.

D' esta maneira viviu dende os derradeiros de Mayo d' o ano de 1885.

Iñórase quen foi, non se sabe á quen lle deu por alí, nin quen xuncras pensou n-a gaita gallega pra empregala como meiciña; pro foi o caso que cando a catalepsia dempois d' estrozar os nervos iba espaxándose hastra pol-a cana d' os ósos—e perdoen os médecos a comparanza—antoxóuselle á un médeco que tocasen a gaita, xa canso de tocar o violon, e lonxe d' ir á botica foise ond' á un gaiteiro, que pol-a mañanciña cedo e sin esquecerse de mollar a pallela, dempois d' infrar os foles e de compoñer o ronco pra que non lle rallase, e de recorrer o punteiro, soltou ós ventos os malancónicos acordos d' unha alborada. Como por arte d' encantamento, levou o cataléptico as maus ós ollos. A múseca d' a terriña, cicais espertando aquel adormecido espritu, fixolle o efeuto que non fixeran hastra d' aquela todal-as-meiciñas d' o mundo. Destonces xa pensaron en erguelo, e souu a gaita de novo espallando pol-os airiños as rebulidoras armonías d' unha muiñeira. Nin que o demo se metese á gaiteiro. ¿Sabendes o que fixo o cataléptico? Pois lembrándose de que alí faltaba algo e de que o tiquis miquis d' a falta estaba n-as castañolas, non téndoas á mau, buscounas n-os dedos, e co-eles púxose á romedar o ledoson d' esas picalladas de buxo que tanto e tan ben saben repinicar os bailadores de sona n-os nosos turreiros.

Aparbados alcontráronse os médecos diante por diante d' aquel efeuto máxico, que nin en sonos aloumiñaban, e batendo co-as maus n-a testa e' unha forza que non ll' a esfarelou porque a teñen dura,

escomezaron á dicir: «¡Xa temos outro novo sistema de segura d' os males! ¡A gaitoterapia! Apriquem os a gaita pra total-as enfermédás. ¿Qué se lle bara á un o espiñazo? ¡Pois golpe de gaita e frega de foles! ¿Non ll' anda á un ventre? Nada de xeringazos, que as xeringas son istrumentos pol-a vella: á quen tal lle soceda, andarálle..... ¿qué dicimos andar? correralle solamentres con ll' apricar en troques d' a xeringa o punteiro.

¿Que agonía unha vella d' o estómago? Xarabe de pau de ronco.

¿Que á unha mocíña solteira se ll' esvai o color e se lle van as forzas e lle vén a tiricia? ¡Pois tocar-ll' o fandango!

¿Que un mozo tén calenturas ou frebe? Toque de muiñeira.

¿Que á outro lle doi o figado, ou a res, ou o cernizo, ou a cabeza, ou o bazo? Golpe de carballeza.

¿Que tén un pequerrecho as vexigas? Inzaduras d' alborada.

E por este xeito, empregaranse, pra raxetar furunchos, as palletas; pra correr a espiñela, o punteiro; y-os foles en troques d' as cataprasmas, y-o farrapo n-o canto d' as ventosas, y-o pau d' o ronco en lugar d' as bismas.

A gaitoterapia será d' hoxe en diante, pra gallegas e gallegos, a meiciña enxebre, a úneca farmacopea en uso costante, e serán gaiteiros os médecos, y-os boticarios tamborileiros.»

Non hay pra que dicir que me praxe o novo sistema: eu que non son d' os qu' inventaron a pólvora, xa tiña n-os meolos o xérmen d' esa nova ciencia, e si non estiven ô cabo d' eses prencípios, foi porque nunca m' estevin á propoñelos temendo que me tivesen por tolo, non estando sostidos pol-a práctica; pro agora que chegou, agora que o xénesis d' a gaitoterapia brila n-a outra veira d' os mares co-a esprandorosa luz d' un sol, agora q' un

soldado gallego, cuáseque morto, rezusita rexenerado e' os infruxos d' esa meiciña milagreira, falando en prata como deben falar os homes, sin retranqueiras nin revoltas, decrárome o mais ardente apóstol d' esa idea, e sosteño con xuramento si fose preciso, que a gaita tén virtudes d' abondo pr' a segura de todol-os males, así como a nosa fala ténas pra es-correntar todal-as saudades e tristuras.

Dende hoxe que non me falen de curandeiros, de zuruxanos e de médecos. Namentres haxa quen toque a gaita, nin esto se perde anque se cerren as escolas médecas. Namentres haxa quen fale a nosa melosiña fala, non teñen os químeos que se matar moito pra descubrir drogas e brevaxes, que ademais de vendérense caras, non fan mais qu' esganar á un, e contaminalo.

Deixémonos d' hospitales e teñámos conta d' os turreiros. Os cartos que se gastan en istrumentos crónicos, apricálos á mercar gaitas, e lonxe d' aconsellar que mozos e mozas vayan tomar baños, aconsélleselles que vayan ás festas.

Presinto a Galicia qu' eu cobizaba: unha Galicia algeirante, rebulidora, falangueira, trouleadora, decote ledá e satisfeita sempre; unha Galicia onde non haxa probes enfermos que gasten o pouco que teñen forro, ou que por non ter que gastar pidan diñeiro á rédetos pra morrer, e pola contra que ricos ou probes, mozos ou vellos, pequenos ou grandes, morran de seu, sin lle ver a cara ós médecos nin ós boticarios, e dempois de s' aproveitar o mais que pódian d' os incomparabres aforros e ventaxas que trai a *Gaitoterapia*.



XAN BRECELLAO.

Alá pol-o ano de gracia de mil oitocentos trinta, cando a cibdá d' Ourense non tiña sereos con sono nin faroles murrifentos, cando as señoritas non andaban enfariñadas n-o Posío e se paseaban polo Porto-Carreiro, Mariña-Mansa y-outras corredoiras; cando dempois d' o toque d' Anemas s' arrecollían as xentes xuiciosas, figuraba entr' os veciños d' as Burgas un zapateiro xa entrado en anos, que si comía mal, bebía ben, levando así as miserias á tragos. Chamábase Xan Brecellao. O seu nome era conecido en Ourense com' a ruda. Tiña sona de bô bebedor, e a taberna ond' él acostumase á ir á miudo, xa se sabía, non tiña o dño mau pra medir o viño.

Xan Brecellao era un home traballador; pasaba o dia n-o patio d' unha casa d' a praza d' o Corredor, botando tombas e medias solas; mais desque anoitecía e dempois de recoller o seu tenderete, ninguén ll' a empataba, iba á pê feito camiño d' a

taberna d' a *Pia d' a Casca* pra mollar a subela, e alí pasaba o tempo valeirando xerras hastra media noite, hora en qu' eiquí cayo, eiquí m' ergo, mais sin esquecerse d' a sua muller, íbase pr' a sua casa. 'O chegar petaba á porta, abríanlle, rubia as esca-leiras á gatas falando en ese latin de como *sonatus chimpatus*, e nunca se deitaba hastra que a sua muller lle contestase c' un latinorio.

O señor abade d' parroquia moitas veces lle bo-tou n-a cara o vicio d' o noso zapateiro, mais él, que morrería primeiro que deixar de mollar a subela, disculpábase dicindo:

—Vosté que lle quer, señor abade, o viño élle pra min a úneca mantenza, traballo e non son vago, porque os vagos non dan viño, por mais que axu-dan á facelo: o dia que deixe de beber, morro, por-que teño deprendido que pra beber viñen ô mundo; o meu apellido Brencellao estámo dicindo: non lle tén volta, eu fun concebido ou nacin ô pé d' unha cepa.

Unha noite que o noso zapateiro empinara a xerra mais que de costume, por moito que adua-nou non poido chegar á sua casa, e quedouse dor-mido debaixo d' os soportales d' a praza d' o Corre-xidor. Un códeo que volvía de ver a sua rapaza, tropezoou n-él e por pouco non esnaquiza os fuciños. Os códeos d' enton non eran com' os d' agora: xu-rou facerlle unha chuscada que deixase lembradía, e tal como fixo o xuramento, cumpríuno.

Enteirou á catro compañeiros d' o que pasara, díxolles o que pensaba facer, e xa por que lles pare-cese ben, ou por servilo, o conto foi que se puxeron os cinco total-as noites á velar ô zapateiro Bren-cellao.

Non pasou moito tempo sin que o páxaro caíse n-a gayola. Unha noite que se quedou durmindo ô sereo, collérono os códeos pol-a sua conta, vestírono en traxe de frade, puxéronlle a cabeza á xeito de

franciscano, e cargando co-él ô lombo pol-a rua de Qrebacús enriba, foron á deixar o covacha bébedo n-a porta d' o convento de San Francisco.

Pol-a mañá cedo, cando o mais madrugador d' os legos saía pra facer as suas angueiras, entrozou c' o corpo d' o finxido frade, e coidando qu' estaba morto, foi á poñer o caso en conocemento d' o Guardian. Este non se fixo de rogar, y-o que nunca fixera n-a sua vida, pois pesábanlle moito as carnes, baixou en dous brincos as escaleiras e foise ond' ô frade que tiñan por esmayado ou morto. Tomoulle o pulso, e latexaba, e pensou que se trataba d' algun accidente; mais pol-o alento, que recendía á viño como s' estivese cheirando unha çuba, deu n-o *quid* e víu craro que o frade estaba bébedo. Comeu a partida que o outro bebera, e deu órdes pra que o deitasen n-unha cama d' a enfermería.

N-este medio tempo espertou o Brencellao, y-o Guardian, que s' alcontraba â veira d' o leito com' unha estáuta, cravou n-él os ollos. O zapateiro escomezou á miralo fito á fito, mirou dempois canto tiña ô seu redor, atentouse a roupa, levou as maus â testa como si n-ela tivese unha lousa de promo, e quedouse atontecido, non atinando á darse conta d' o que lle pasaba.

O Guardian atallando aquel noxoso silencio, escramou con voz grave com' a d' o xuez cando pergunta á un reo:

—Doime o corazon ô velo, hirmau, n-ese estado: pol-a honra d' a crase á que pertenece, debera ser mais parco n-a bebida, e pol-a mesma causa non poño o escándalo en conocemento d' o Visitador xeneral d' a Orde. Dígame a vosa paternidá, çá onde vai, d' onde vén, á que convento pertenece?

O zapateiro cada vez mais atontecido non lle respondeu.

—¿Inda non lle veu a fala?—repuxo o Guardian mais severo.

Brencellao nin xiquera pestanexaba.

—Xa que cometeu o pecado, xa que non sintíu escrúpulos de concencia dinantes d' aldraxar os hábitos que leva postos, non teña tampouco vergonza pra confesalo. ¡En nome de Dios, en nome d' o noso P. San Francisco demándolle a remposta!,—añadeu o Guardian erguendo as maus ô ceo e falando con voz de trono.

Como si fose un monifate de xogo e lle turrasen por unha corda, o finxido frade sentouse n-o leito, restregou os ollos, e remexendo a lingua con traballo, respondeu:

—Hirmau, alma en pena, trasno, espritu d' o outro mundo ou quen queira que seas, eu non sei o que me pasa, nin por mais que fago e penso, podó lembrarme de quen fun e de quen son: perdoe e dispense; pola nai que o pareu faga o favor de mandar á calquera que vaya á praza d' o Correxidor, e que pergunte pol-o zapateiro Xan Brencellao: si non-o atopa, si a muller lle dí que non foi á casa dende nantronte, inda pode soceder qu' eu o sea; mais si o zapateiro Brencellao está n-o portal d' a sua casa, dándolle ô tirapé, batendo a sola ou manecendo a subela, ¡qué me leve o demo..., que non me coma unha centella si sei quen son!

O Guardian deu órdes pra que levasen o recado. Volveu o mandadeiro co-a remposta. O zapateiro de portal d' a praza d' o Correxidor non estaba n-o seu traballo nin fora dormir á casa....

O frade finxido era Xan Brencellao.



O ZAPATEIRO DE CANGAS.

Non foi un personaxe, pr' o ten relembanza e xusta fama n-a nosa terra. É conecido d' oubidas como todol-os héroes antigos. A non ser pol-o seu zapateiro, a vila de Cangas faría esquecida com' outras moitas que gardan recordos históricos, tradiçións gloriosas, e cinsas de xenios ilustres, sin que por eso teñan lembradía.

O zapateiro de Cangas, n-aquela celebre axuntanza de bruxas que foi o comenzo d' a sua imortalidade, puxo como diante d' un espello a fisonomía d' o carauter gallego, dado á revoltas e retranqueiras, nemigo de rifar con naide en aparencias, e pol-a calada algueirante e capaz de xogarlle unha mala pasada ô mesmo demo, como aconteceu n-o presente caso.

O zapateiro de Cangas arrenegaba ô demo sin terlle medo, e cando oubía prenuñciar o seu nome, faguía a sinal d' a cruz por costume, e porque así ll' o deprenderan cando neno; mais alá pr' os seus

adrentos toupaba de risa ô faguer aquela cirimonia, e que Dios non ll' o tomase en conta, pasáballe ás veces pol-o pensamento a idea d' entropizar c' o demo en calquera congostra, pr' arrenegalo mais c' unha boa asentada de paus n-o medio e medio d' o cernizo c' o fungueiro que manexaba a concencia, pol-o menos en apinion d' os mozos d' alcaldía, que co-a sinal d' a cruz, pois inda que non aprendera n-a escola o zapateiro mais que á faguer garabatos y-á turrar d' as letras pra que saisen as palabras, tiña deprendido, ou metéraselle n-a cabeza, que o demo á forza de ser arrenegado co-a sinal d' a cruz, fórase afacendo á vela sin renegar, como se afai un labrego á comer broa, leite e caldiño d' unto, anque non ll' o leve o estomago, por non ter outros manxares de mais apetencia que levar á boca.

As cornas d' o demo non lle podían tompouco poñer medo, porque dende que tiña ollos n-a cara, e dinantes que soñase en coller a subela, xa vira as cornas d' as vacas e d' os bois, e sabía por esperencia que as cornas d' a nosa terriña campan n-as testas d' os animalíños por adorno e non pr' afuracar bandullos. Ademais—segun as crónecas botaba esta conta—a lua tamen ten os seus cornos, e cando pol-os ceos andan, non é milagre nin cousa de mal agoiro que os leve o demo n-a cabeza. N-o tocantes ô rabo, tiñaio por *peccata minuta*; millor que millor, de se chegar á ver diante d' o demo, aduanaría o collerllo entre portas como se lle colle ôs ratôs n-a ratoeira, sempre que o rey d' os infernos lle dise motivo pra que o zapateiro lle xogase unha malapasada.

Co-estes pensamentos andaba o zapateiro de Cangas devanando os meolos, cando a sua muller, que s' asemellaba á unha sogra pol-o roñona que era cando rifaba, pol-o xeneral á total-as horas, lle botaba n-a cara os defeutos, que non pasaban nunca á maores, pois non tiña outros, que durmir a mona

dende o lus hastr' o miércoles, e rebaixar polo medio e medio as ganancias que tiña n-o trato. De festa en festa, cando unha rapaciña de ollos churruqueiros e xeitosa de corpo lle facía encarga d' us zapatos, o zapateiro de Cangas, non porque levase picardía n-o feito, sinon pra se desquitar d' as falcatruadas d' a muller, faciallos de balde y-esmerábase n-o traballo de tal modo, que saían d' as suas maus acabadiños de ben feitos e dinos de levar o aguinaldo n-unha esposicion de obra prima.

O xuncras d' a muller xa cansa de que o seu home non escarmentase con berros e churumicadas, acodeu á razóns mais contundentes. Un dia tiroulle c' unha forma ôs fuciños e con tal coraxe que lle guindou os dous dentes dianteiros. «¡Hoxe é dia santo n-a miña casa!» escramou o zapateiro con voz de trebon. «¡Hoxe e' o tirapê vou á repinicar n-as tuas costas como repinican as campanas cando non paran os badales!» E dito e feito, o tirapê cafulle riba d' o lombo unha, duas, vinte, corenta, cen veces, y-a probe d' a muller levou unhas fregas de coiro contra coiro, que foran d' abondo pra lle barrer cantos puntos de costado poideran afrixila anque vivise mais anos que Matusalem.

Pra que o seu home non volvese á dar mais dias santos pol-o estilo n-a casa, colleu ela a dianteira d' as disculpas e díxolle que lle tirara a forma ôs fuciños porque a atentara o demo.

Non quixo saber mais o zapateiro de Cangas. Xa como bon cristiano lle tiña xenreira e colleulla de renegon cando soubo que o príncipe d' os infernos, como si fose calquera mal veciño que dispuxera de vagar, se metía n-as cousas d' a sua casa, baixándose á cativéz de lle dar aqueles consellos á sua pareuta.

E como en Cangas habia n-aqueles tempos bruxas—pol-o menos así o dixo D. Antonio Neira de Mosquera—o zapateiro entrou en tratos co-elas pra

se vengar d' o demo, e dempois d' impoñerse ben n-as aduanerías e falcatruadas d' o gremio, de s' exercitar n-o manexo d' as unturas pra rubir pol-a gramalleira, e de saber montar d' acanchaperna n-o pau d' unha basoira e d' alcender como quen alcende un misto, os ôsos d' os difuntos restregándoos contr' as paredes, e d' emprestar servicios n-a *Compañía* pol-as aldeas, euáseque bruxo feito e dereito, capaz de servir en casos d' apurada d' estadeiña, ou de calquera d' esas zaramalladas d' a bruxería, o zapateiro de Cangas misturado entr' as bruxas e sin esquecerse de levar a subela, por un si acaso, voou pol-a carrilleira d' os infernos sintindo sede e fame de vinganza.

Cando chegou ô cabo d' o viaxe, ventando ô demo, dixo pol-a calada: «¡Vasmas á pagar todas xuntas!» E socedeu o que todol-os gallegos sabendes; que o demo estaba recibindo Córte, que todal-as bruxas lle bicaban o traseiro, e que cando lle chegou o turno ô zapateiro de Cangas, lonxe de lle dar o bico de cirimonia, enterroulle a subela hastr' o redaño, e que o demo non deu un brinco porque tén o pelexo muy duro e tomou a picadura por unha cóxega, contentándose con perguntar:

—¿Quén bicou?

—O zapateiro de Cangas—responderon os con-

danados.
—Pois que non volva á bicar porque lle pican as barbas—añadeu o demo.



BARBERÍAS 'O AIRE LIBRE.

En Galicia, onde n-os tempos vellos e inda hoxe se xuntan en concello pra falar d' os negocios d' as parroquias os nosos patrucios; ond' o fisco fai estrozos e deixa n-o medio d' o regato sin chouza e sin bês ôs que preitean por ganas de preitear, ou por non avírense ás falcatruadas d' os caciques; ond' os labregos cargan con cánimas de todas as castes; onde se conservan decote as malas costumes qu' herdamos d' os antepasados, non podían desaparecer as barberías ô aire libre.

Véñense sostendo pola falta de cartiños n-as aldeas, vilas e cibdás d' a nosa terra, porque si temos diñeiro pra pagar os trabucos, non dispoñemos d' él pra nos afeitar logo que chegamos á mozos e nos saen as barbas á cara. E lévase de que por acá nos *afeitan* n-os repartos d' a territorial e consumos, e bótannos de cota por barba o que non fora levadeiro nin pra homes de pelo en peito.

Nantronte n-as barberías ô aire libre pagaban un carto pol-a barba; hoxe c' o adianto d' os tempos hastra se rubiron os barbeiros ás barbas d' os parroquianos, e non collen a navalla n-a mau pra poñela n-a cara sin que dinantes non lle solten duas cadelas. Non hay feira, nin festa, nin dia santo sin barberías ô aire libre, e o mesmo n-aldea, que n-a cibdá, á rente d' a eirexa, si fai sol, ou debaixo d' un pendello si chove, eses barbeiros agoirantes encárganse d' afeitar á un de mala maneira, diante por diante de todol-os que van e veñen.

O precio é cativo—duas cadelas por barba—mais a operacion é condanida.

¿A quién non se ll' arripia o corpo ô ver ô barbeiro navalla en mau á xeito de fouciña, disposto á segar n-a barba como si fose en herba, c' un pano lixoso y-unha palangana con mais dentes que unha serra, dipinduradas n-a parede? ¿A quién non lle dá mala espiña o axudante, que c' un prato n-a mau cheo d' esca pra tapal-as arañadelas que a navalla faga, está c' os ollos abertos e sobre d' aviso pr' atender aixiña â cura d' as feridas?

É certo que pol-o que levan por afeitar, non vale a pena de lle dar enxabon á un home, pro as secuencias, como dicia o señor Benito Dastrés, as secuencias de s' afeitar por pouco diñeiro sáenlle á un â cara, e vén á dar n-o mesmo sentarse n-un banco d' unha barbería ô aire pra que lle rapen as barbas, que sentarse n-a taborela d' os axusticiados pra que lle dean gañote.

Non abonda dicilo, pois pra sabelo tén un que pasalo; non abonda espoñer de dito o que fan eses Herodes d' a humanidá barbuda c' os seus parroquianos, sin que un espoña ô feito a sua cara; non abonda pra pintalo dicir que dibuxan cando afeitan, que segan n-as barbas co-a navalla pol-o xeito d' o segador co-a fouciña n-o centeo: é preciso pechar os ollos y-entregarse n-as suas maus pra com-

prendelo, pra s' enteirar de que a xusticia d' a terra consinte crimes qu' están pídindo venganza â xusticia d' o ceo.

Inda ben non se senta o parroquiano, cand' o barbeiro cólleo d' a sua mau pra lle facer sentir os mais feros rigores. Entálalle a palangana contr' a noz, que non se qreba c' o golpe porque non tén cascás; põna de maneira que lle corra a auga polo peito, y escomenza á darlle o xabon como si o pacente non tivese ollos, narices e boca. D' alí á pouco a cara d' o que s' afeita non é mais que un monton d' escuma. Namentres o barbeiro compon a navalla, si corre courisco, tén o parroquiano que sufrir con pacencia aquela promeira afeitadura que lle leva o coiro á repelo.

¡E maus â obra! O barbeiro esprémelle c' os dedos a carne como si fose un limon; dempois d' os dedos pasa a navalla facendo arañadelas como si fosen as gadoupas d' un gato, e non solo o que s' afeita, sinon o que s'alcontra preto, sinten o *rac-rac* d' o instrumento, que asemella prenderse con dentes e uñas ôs cañotos d' a barba.

O axudante namentres, pra que a sangue non corra, tapiza con anaquiños de esca os buracos que fai a navalla, sin parar mentres en que o parroquiano arregaña os dentes c' o delor e co-as turradelas que lle dá ôs lábeos o barbeiro.

O mozo mais valente, o que non consinte que lle poñan o pê diante nin as maus n-a cara, por forza, deixa pol-a forza d' a costume que fagan d' a sua cara un rifadeiro de gatos.

E que teña tino de non se queixar, porque de facelo, de ter xiquera o desafogo de botarlle a culpa â navalla por non estar ben afiada, tería máis que falar o barbeiro que o parroquiano.

En acabándose a angueira feita de presa e correndo pol-a mor de despachar aixiña pra que o

traballo renda e saya a conta d' o xorne, o barbeiro deixando libre ô parroquiano, dille secamente: «Que aproveite e que sea por moitos anos.» Dito qu' encerra n-a primeira parte unha bulra, e n-a segunda un arrepenemento serodio, ou unha espranza muscha, pois pra desgracia d' os gallegos que temos barbas, éstas, sin precuras, nin regos medran n-as nosas caras mais que o millo y-o centeo n-os sementados, e contamos as colleitas pol-os meses d' o ano.

Pra compretar o cadro d' os barbeiros ô aire libre alá van dous contos que socederon como volo digo.

O Fuco de Mondoñedo, que se levaba co-a sua parenta como se levan o can y-o gato, sempre que rifaba co-ela e lle puña a cara co-as uñas feita unha lástema, decíalle ôs amigos que lle preguntaban de que fora aquilo, que viña de s' afeitar, e colaba o dito, porque ninguén s' estranaba de que fixera tales estrozos a navalla, d' un barbeiro n-a cara d' un cristiano.

O Xulian de San Clodio foi á vila de Ribadavia de festa, e de camiño antoxóuselle afeitarse n-unha d' esas barberías ô aire libre. Xa o barbeiro lle tiña afeitada media cara, cando se ll' acurríu dicirlle o que se ll' esquecera dinantes, que non levaba n-as faltriqueiras duas cadelas pra lle pagar. ¡Quén tal lle dixó ô barbeiro! Tiroulle o pano que lle puxera ô pescozo, botoulle á chorro pol-o peito a auga d' a palangana que o puxo mollado com' un pito que cai n-un rego, e díxolle con xenio enrabechado: «¿Por qué non falou dinantes? ¡Ande, vaya e que o afeite de balde o demo maor d' o inferno, qu' eu non estou pra perder o tempo!»

N-aquela disposicion, co-a metá d' a cara afeitada e co-a outra metá sin afeitar, andivo de riola pol-as ruas d' a vila á dilixencia de buscar barbeiro

pra que ll' arrematase a feitura d' a barba, cousa que non logrou, pois ô velo os d' o officio, respondíanlle con sorna morna, sin darlle creto: «Amin non me veña co-esas encomendas, quen em-principiou que arremate.»



A D' O DENGUE.

Non houbo en ningures cousa mais querida que a d' o dengue n-a casa d' o acomodado labrego Sidorio d' o Trigueiral. O patron y-a sua parenta tiñan os ollos fixos n ela, y-agasallábana amorosiñamente. O fillo mais vello d' a casa y-a sua muller, churrusqueira moza de vintedous anos, con dous ollos como dous soles y-unha cariña de ceo, dábanlle bicos á miudo sin celárense e sin se gardar de ninguen.

Solamentres os trasfegos d' os rapaces, que s' entreteñan n-os seus xogos, non se coidaban d' a d' o dengue.

Todol-os demáis degorábanse por atendela e procuraban que s' encontrase sempre chea e campante.

Sin ela, as legrías d' a casa non eran legrías; pol-a contra, fondas tristuras traballaban n-os seus espíritus.

Non véndoa diante, o vello y-a vella preguntaban reloucando: «¿Onde vai a d' o dengue?» Y.o

fillo y a nora escramaban á unha: «¿Qué foi d' a d' o dengue?»

Sin a ver n-a mesa non tiñan apetencia de xantar, e por moita fame que sintisen, non probaban bocado. Parés que se lle puña un nudo n-as gorxas.

Os homes dábanlle bicos diante d' as mulleres, y-as mulleres, lonxe de s' anoxar pol-o estrevemento, ríanse e bicábana tamen. ¡E pasmaivos! hastr' o señor abade lle daba bicos diante d' aquela honrada familia, sempre qu' iba á visitala. Os criados, cobizar cobizaban bicala, pro inda qu' ela se deixaría bicar, os casados vellos y-os casados novos, como amos, gardábana pol-os gardares. Solo de festa en festa eran gustantes en que os criados lle desen un bico dempois de que que s' alcontraban cansos de traguela n-os brazos e de precurar que non debescen.

Os veciños de tres legoas á redonda tiñan coñecemento d' a d' o dengue, e como si fose remedio pr' a segura d' os males, ou consolo d' as coitas, cantos se lembraban ou falaban d' ela, eslumidos pol-as estranías, escramaban: «¡Quén che me dera eiquí a d' o dengue!»

Hastra un arrangallado velliño d' a parroquia que se sentía tocado d' o peito, sempre que o médeco recetaba unha meiciña, decíalle con segunda: «Eu teño deprendido, señor zuruxano, que mellor qu' eses xarabotes m' emprestarían unhas restregas coa d' o dengue.»

Os que tanto cariño lle tiñan; e tanto por ela se degoraban, eran cristianos, e cristianos enxebres, e mais por eso, e inda que a d' o dengue nunca fora bautizada, nin xiquera sentían escrúpulos de conciencia por querela d' aquel xeito, nin houbo día que se lles viñera ás mentes o bautizala.

¿Quén era a d' o dengue?


Bruxa non era nin muller tampouco, porque de ser bruxa, os nenos fuxirían d' ela e todos faríanlle

a figa, e si fose muller non tería paz nin sosego n-a casa co-as outra mulleres, nin o señor abade tería o estrevemento de bicala diante d' a xente.

E non sendo muller nin bruxa, ¿por qué tiña tanta sona?

¿Sabendes quen era a d' o dengue?

Pois era unha manífica bota que levaba unha ola e piques, coberta hastr' o medio por unha casta de dengue de pana escalrata, que mandou facer d' intento o Tio Sidorio c' o gallo de pasar á tragos este mundo cativo.





COMO SE FAN OS PEDÁNEOS.

Non haberá un maestro d' escola en cada feigrésia, pero non marra, en todasalcontrarendes un boy que muxa, un bácoro que furgue c' os fuciños n-o esterco, un burro que ornee, un can de palleiro que ladre, un galo que cante o cacaracá, y-un pedáneo que turre pol-o seu anaquiño de mando.

O pedáneo non nace com' os poetas, que se fai, e non com' os oradores.

N-o dereito cleutoral latexa o xermen d' as pedanias. Son os pedáneos ôsos civís duros de pelar e malos de roer. Nunca falan c' o gobernador, nin viron de lonxe ô rei, á nome de quen se gaban d' exercer o mandíño; solamentres teñen tratos e baratos c' o alcalde, e mais por eso, os pedáneos, cando s' arma unha de paus n-o turreiro d' a parroquia, asumindo a representacion de total-as autoridás d' a terra, soltan órdes como bellotas un carballo que abanean, e probe d' o que s' estreva a dar unha fala, porqu' estonces fai unha arrautada pasando un

parté ô xuzgado pra que se *destruyan* as promeiras dilixencias por desacato.

Por esperencia sabrendes algús o ramo cativo que lles entra ôs mozos que se ven envoltos en papel sellado.

O pedáneo é unha devanadoira de leises. Non deprende á ler n-a escola, mais vai ond' o señor abade pra que o imponha n-o que trai o *Boletín*, e dempois d' escoitar a leutura sin pestanexar, aprica os contos ô caso d' a maneira que os entende, e Dios colla d' a sua mau ôs que lle cayan por banda n-o tocantes â intelixencia d' as reales órdes.

Non fai moito que o pedáneo d' unha parroquia que non lembro por cortesía, sabendo que o ministro d' a Gobernacion decrarara oficialmente o cólera en Madril, dispuxo por sí e ante sí, que os veciños d' a parroquia se decrasasen atacados pol-o cólera en cumprimento d' unha órde d' o Goberno, baixo a multa de cinco pesetas por desobediencia, á cada un d' os que de palabra ou por escrito decrasasen que s' alcontraban sanos.

Home de xuicio houbo que lle deu á entender o erro, e que lle dixo qu' era unha tolada non tendo novedá como non tiñan, o pasaren por atacados pol-o cólera. Non deixou o pedáneo de reconocer a razon d' o dito, pro contestoulle esconsolándose: «¡Tí que lle queres, quen manda, manda; puxerono en letras de molde e temos que cumprir o que dispon o Goberno!» E gracias ô señor abade que ll' o tirou d' a cabeza, non sin traballo, (pois tirou como si turrara por un carro), que sinon prántalle un parté ô gobernador d' a provincia dándolle conoemento de que, cumprindo co-as órdes d' o Goberno- quedaban atacados d' o cólera todol-os veciños d' a parroquia.

O bô d' o pedáneo n-a conversa que tivo c' o señor abade, sostiña a razon d' aquel acordo, dicindo que pra que non-o molesen c' os partes diarios d' os

casos de cólera que se desen n-a sua xurisdición, púñaos á todos atacados d' unha asentada, e dempois... que o gobernador acordara conforme á xusticia.

Nantronte fíxose un pedáneo ou un *alcalde de barro*, como lles chaman os qu' apuran a verba d' a crítica, e fíxose tal e como corresponde, e por eleucion, sacado como d' un pozo d' a voluntá d' os eleutores, escollido como s' escollen as patacas novas n-un eido, elixido como s' elixe un pano d' herbas n-os comercios ambulantes d' unha feira.

N-o medio e medio d' a praza d' a parroquia puxeron unha mesa coxa. Sobre d' a mesa prantaron unha xerra que levaría seis netos si s' enchese do viño: facia de tinteiro un frasco que fora d' aceite de bellotas, co-a boca fendida. A pruma estaba esgallada, y-os papês como corría vento voaban com' as moscas axoutadas. Os d' a mesa pra que os papês non voasen puxéronlle pedras por riba, nin mais nin menos que si lle deran *coyo* á eleucion. Os eleutores non viñan, e dempois de pensalo ben, o mais vello d' os que compuñan a mesa, acordou que tocasen a campana pra convocalos. E déronse unha,... duas,... tres,... moitas campanadas. Algús qu' andaban n-a recolleita d' o centeo coidaron que algo ll' es ardia. Outros que oubiron os toques de mais lonxe, déronse á pensar n-os enfermos pr' adiviñaren quen estaría morrendo. Os pequerrechos que recadaban o gando n-o monte, escomenzaron á camiñar mais aprêsa temendo que tocasen ôs tronos.

Cuasemêntes que atinaban todos: ardia algo d' a representacion popular, morrian as prácticas constitucionales, e tronaba n-os ceos d' o sentido político.

Os d' a oposicion—que tamen non falta quen s' apoña n-a eleucion d' un pedáneo, pol-o mesmo que hay mais d' un n-a parroquia que cobice selo,—andábana armando ô redor d' aquel coloxio ô aire libre, co-a intencion de qrebar a úrnea e de lle bater unhos fungueirazos n-a chola ôs partidarios d' o

Goberno. E non presentaba a cousa bon carís, á xuzgar pol-os fungueiros que levaban n-a mau os que facian a contra, e pol-as trazas que se deron á chamar á garda civil os que facian a trampa.

Os pensamentos que bulian n-a cabeza d' os eleutores, asomellábanse á latexos de xenreira. Os d' a oposicion pensaban en esfarelar meolos: pensaban os d' o Goberno en armarlle a gayola ôs d' a oposicion hastra botalos á presidio.

O presidente preguntou berrando pra cumprir co-a ley si faltaba algun eleutor por votar. Non votara ninguén, mais non houbo quen s' achegase á facer uso d' o seu dereito, entretidos co-a idea de facer uso d' os seus paus con moça. Logo escomenzouse o escrutinio.

Sin agardar pol-o resultado d' a eleucion e namentres o presidente quedaba metendo a mau n-a xerra, finxindo, bulra bulrando, que sacaba d' ela as papeletas que meteran os eleutores, xa o que viñeira d' a vila sinalado como pedáneo, camiñaba escontr' a sua bodega c' o gallo de trager unha xerra rebordando viño pra festexar a sua eleucion, sin esquecerse de coller á volta n-a taberna d' o tio Aldruco, unha poya de pantrigo y-unha fonte con duas dúceas d' hovos cocidos.

O agasalleiro veciño chegou á tempo pra escoitar d' os lábeos d' o presidente a sua procamacion de pedóneo.

A cirimonia eleitoral xa iba rallando e non era cousa de remexer mais n-a xerra que facía d' úrnica, ventando aquel-outra xerra que facía de bota.

Sobre d' a mesma mesa en que se puxeran á elexir, escomenzaron á tomar un taco.

Os d' a oposicion desapareceran pol-a congostra veciña de car' á taberna, indo cicais á botar un trago, en troques de que non poideran votar á secas.

Anoitecía; n-o ceo non había nubes, pero ôs

d' a mesa antoxóuselles qu' iban á chover paus, e fóronse por onde viñeran, non sin que dinantes a xerra que fixera d' úrnia s' enchese de viño tres veces arreo n-a bodega d' o elexido.

Ansí se fan os pedáneos.



UNIVERSITY OF CALIFORNIA
LIBRARY
SANTA BARBARA, CALIFORNIA

O ANIMEIRO.

O tipo que vou á presentarvos, abonda e non daña n-a nosa terra, com' os comisionados d' apremio, preiteantes e outras pragas d' as aldeas. Cada parroquia de Galicia tén o seu animeiro. Non hay pra que s' acupar d' a pureza d' as suas costumes, d' a sua moral e d' a sua devocion á macha-martelo: con decirvos qu' é un membro d' a eirexa que vive *santamente*, pol-o mesmo qu' o seu *modo de vivir* ll' o debe ôs santos, está demais pra que formedes xuicio de que s' alcontr' adornado d' as condiçions que precisa pra cumprir á concencia c' o seu cargo.

O animeiro é unh' abella traballadora d' a colmea d' o Señor: sobre d' as suas costas pesan catro angueiras d' a maor importancia: o toque d' as campanas, o enterramento d' os mortos, a sancristía y-a recolleita d' o Purgatorio, total-as que relixosamente, cal compre ô seu deber y-ô devoto oficio en que traballa, demanda.

'A forza de vivir entr' os santos, chegou á ter

co-eles tal confianza, que c' o mesmo desenfado lle compón a barba ó Padre Eterno, que ispe á unha virxen.

Exercítase piadosamente n-a práutica d' a sétima d' as obras de misericordia, dándolle sepultura ós mortos, con todas as cirimonias que son d' o caso, e si pide o seu *por qué*, non é mais que c' o propósito d' axuntar os cartiños que o ferreiro lle leva por compoñer as ferramentas. Avisado como poucos, non agarda á que trone pr' alcender velas benditas n-a sua casa á Santa Bárbara; pol-a contra: tén moito tino de recoller cantos cabuchosalcontra á mau n-a sancristía e n-os altares, pr' alumear todas as noites a sua chouza, pol-o que poidera tronar. En descargo d' a sua conciencia y-en honra d' a verdade, podose asegurarvos que n-esta arrasadeira emprega os maores escrúpulos, afanando solamentes os cabuchos mais pequerrechos, non sin que dinantes faga a reflexión de que semellantes furtadelas, xúzguense como se queira, non pasan de ser *pecata minuta*.

Pra comprender o moito que val este tipo, é necesario que vol-o amostre n-o preno exercicio d' as suas funcións. Sepultureiro, coida de que os mortos qu' enterra, queden postifios n-a cova de xeito que cheguen á ser ben acollidos n-o Purgatorio; campañeiro, sabe apreciar con xuício d' artista a diferenza que hay entre tocar á morto e repinicar á gloria: n-esto de toques, a sona qua adequiríu, é d' aquelas que non teñen réplica. A voz d' o pobo, qu' é a voz d' o ceo, segun dicen moitos, encárgase de laudala n-esta frase: «O noso animeiro fai falar as campanas.»

Sancristan, encárgase d' anunciar á berros o nome d' aqueles difuntiños por quen se botan ronzos dinantes de que comence a misa parroquial; n-os bautizos pronuncia con voz solene, en competencia co-a d' o señor abade, as palabras *volo, abrenun-*

cio, á nome d' a criatura, que pon sobre d' a pia á toda satisfacion, e' o santo fin de que lle caya á chorro a auga pol-o pescozo, pra que n-o seu dia teña aás conque voar de car' ô Purgatorio, a nacente ánema bendita. Acompaña ô señor abade cando vai adeministrar o Veático ôs enfermos, e non deixa de volta de levar â eirexa a campaiña, a cruz, a caldeira, y-as vestiduras d' o señor abade, anque o paren n-o camiño pra convidalo á botar un neto n-a bodega d' algun veciño.

Pr' o noso animeiro, a eirexa ben á ser o centro d' as suas operaciõs; o Purgatorio, a síntesis d' os seus ideales; o petitorio de sufraxios pr' as benditas ánemas, o mais costante d' os seus traballos.

Non renuncia así como se queira ô pracer de levar preto d' o estómago ben amarrado e' unha baraza, o peto en que se ven cuase de bulto duas ou tres ánemas que semellan estar ardendo n-o Purgatorio, e inda ben o señor abade non dí o *Ite missa est*, cando sai o animeiro á dar unha volta pol-a eirexa escramando con voz que arromeda vir d' os profundos: «¡¡Pra facer ben pol-as benditas ánemas d' o Purgatorio!!»

Mais que ás suas necesidades atend' o animeiro ôs reparos d' o peto, e moitas veces e' un fervor cristiano merecente d' indulxencia, prenaria e remision de todol-os pecados, deixou-se ver e' o pintor pra ll' encagar, custase o que custase, que lle puxera lume ás benditas ánemas, pro un lume vivo, intenso, nunca visto, capaz de commover o corazon d' os parentes d' as almas en pena, e sinon mandou que o lume se figurase con dourados, non foi certamente por aforrar, sinon pol-a mor de que un usureiro coidando que fose ouro de boa ley, non tomase a condanada resolucion de non sair *in vitam eternam* d' o Purgatorio.

Nin os diplomáticos pra resolver a cuestion d' Oriente, qreban tanto os miolos á discurrir,

como discurre o animeiro pra chegar á compolas de tal maneira, que o seu peto se volva un foco d' iman espiritual.

Tres veces ô ano pol-a curta esprícalle ô señor abade os seus proyeutos reformistas, que non son outros que facer que o lume lle chegue ô pescozo d' os que penan n-a pintura d' o peto, aforrándolle así ôs devotos mais de catro malos pensamentos que se lle veñen á cabeza ô ver á garridas mulleres espidas de medio corpo, e soster a comenencia de poñer entr' as benditas ánemas (co-a debida preferencia por supuesto), a figura d' un señor Obispo con mitra y-a d' un señor abade con pelliz e bonete.

Estas proposiciós foron sempre rechazadas con door d' o animeiro, que non tivo mais remedio que pechar a boca, e contentarse con decir aló pr' os seus adrentos, que o señor abade entendería moito de moral, canones e teoloxía, pro qu' en tocantes ô Purgatorio, non entende nin pizca, nin sabe o que se pesca, porque en tratándose d' as ánemas benditas, ôs animeiros que teñen tocamentos co-elas, que andan en requirimentos e que cando cadra pol-a media noite son visitados pol-as almas en pena, ninguen lles pon o pê diante.

Non paran eiquí as mañas d' o noso animeiro. A mais de ser traballador, reformista e filósefo, é un comediante tráxico d' os enxebres.

O seu beneficio téñ lugar a víspora y-o dia de difuntos. Estonces é cando fai gala d' o seu inxenio, cando acode ôs recursos d' a súa imaxinacion poderosa, cando fai patentes o ardor e costancia con que defende os intereses d' o Purgatorio e loita pol-a redencion d' as almas.

Pasa tod' a noite n-o campanario tocando á morto. Pon n-o medio d' a eirexa o túmulo, e riba d' él o Santo Cristo e duas ánemas. Cobre con panos negros total-as oxivas d' eirexa pra que por elas non pódia entra-a luz, alcende os amarelos cirios, e por

riba d' os confesonarios, de xeito que se vexan inda n-o medio d' aquelas tréboas, pon as calaveras mais medorentas que pol-o ano adiante alcontrou n-as sepulturas que s' abrian de novo n-o cimiterio, e pol-o adro d' a cirexa, así como quen non fai nada, espárese, pra que fagan o seu efecto n-os vivos, algús ôsos de mortos.

N-aqueles dias amostra o animeiro a cara mais séria e fosca que viron ollos n-o mundo. Angurra as cexas, fai por non falar con ninguén, e con voz de baixo profundo, como si lle saise aló d' o mais fondo d' unha cova, canta os acostumados responsos de *Memento*, *Lázaro* e *Recorderis*.

Nin por un ollo d' a cara deixa a caldeira d' a auga bendita, e de vez en cando, como si fose o señor abade, agarra o hisopo pra bendicilas sepulturas, facendo de camiño que algunhas pingas cayan n-as velas alcesas, pra que chisporreteen á mais non poder; proba fixa de que as almas d' aqueles á honra de quen arden, están padecendo as penas mais esconsoladoras, e pol-o mesmo a sinal mais verdadeira d' a obrigacion que teñen os parentes de *cargar a mau* n-as ofrendas.

Dôno d' estos resortes o animeiro, móveos á seu antoxo pra que surtan os resultados que se propón, que non son outros que a maor entrada de misas e responsos n-as arcas d' o Purgatorio.

¿E qué diremos d' o animeiro cando ô sair d' a misa d' a parroquia anuncia berrando que van á puxarse as limosnas recibidas?

É d' admirar a serenidá con que dí:

—¡Dous lacós d' as benditas ánemas en seis reás! ¡A unhal

¡A galiña d' a vírxen en tres reás e mediol

¡As duas!

¡O galo de San Antonio en trinta cartos! ¡As tres!

¿E qué diremos tamen d' o noso animeiro

cando ô recollerse a precesion n-a eirexa o dia d' a festa d' a parroquia, escrama, berrando como si lle meteran un espeto pol-os fígados:

—¿Quén é o que quere darlle o último puxo á Nosa Señora, Madre María Santísima d' o Cármen? ¡Qué se vail ¡Qué s'arremata!

Esto dito polo animeiro non é xiquera unha irreverencia, porque xa vo-lo dixen dinantes; n-o seu corazon non alcontran acollida sentimentos contrarios á eirexa, nin ás prácticas devotas, nin á moral cristiana: é unha abella traballadora d' a colmea d' o Señor, y-o abade, por mais que non autoriza, consinte todal-as castes d' erexías que o animeiro *crístianamente* podía cometer.

Sería compreta a venturanza d' o noso tipo, empregado en facer santa propaganda d' o Purgatorio, y-en exercer unha non pequena granxería c' o aceite d' a lámpara d' a eirexa, apicado á cura d' os enfermos, e c' os santos evanxelios pr' escorrental-os meigallos d' o corpo, si n-o ceo d' a sua vida, sempre puro e limpo brilase o sol d' a felicidade; pro mortal ô cabo, suxeto com' o que mais á coitas e contratemp-os, e camiñante n-este val de vágoas, tén que pasar pol-as suas e sufrir con pacencia os maores disgustos.

Todal-as calamidás qu' afrixen ôs homes, as guerras, o cólera, as vexigas negras, a langosta, as pragas d' Exipto incrusive, están encarnadas pr' o noso animeiro n-esta fórmula qu' escrita n-unha taborela poñen en certos dias d' o ano n-as portas d' as eirexas:

HOXE SÁCASE ÁNEMA.

Nunca tres palabras poideran facer mais estrozos n-o pensamento d' un home. Os nervos d' o animeiro descompónense, alcéndese a ira n-o seu corazon, y-o seu espíritu latexa de coraxe, cada vez que vé co-


aqueles ollos, que han de comer os vèrmes, a *impía* taborela posta á porta d' a parroquial.

¿Quén lle dixo ó Papa, quén ll' ensinou á Curia de Roma que se pode sacar unha ánema d' o Purgatorio con tan pouco traballo e sin o consentimento d' o animeiro, que vén á ser o apoderado xeneral, o herdeiro lexítimo, o elexido por Dios pra levar e tragner as ánemas d' unha parte á outra?

Nin o Concilio de Trento, nin o de *Cuméneco*, nin o Vaticano, nin o mesmo *Cónclave en preso*, teñen encarga nin poder en forma pra sacar as almas d' onde non-as meten.

As ánemas benditas, digan o que queiran, non poderán sair d' o Purgatorio en que penan, hastra unha hora dempois de poñerse o sol ó día d' o xuicio final, e cando se faga o reconto d' as almas e d' os sufraxios, pois soilo estonces se lle terán en conta as indulxencias, misas, e responsos, e todo canto pol-o seu eterno descanso apriquen os seus parentes n-este mundo.

Esto dí, sinte e pensa o animeiro, vendo os seus dereitos aldraxados, ameazados de morte os seus intereses y-os d' o Purgatorio, y-á punto de perder a recolleita que con tantos traballos e sacrificios procurou en ben d' as benditas ánemas.



COMO PAGA O DEMO Á QUEN O SIRVE.

I

N-os comenzos d' este sigro, á parroquia de San Miguel d' o Campo alcontrábase rexida por un señor abade xa muy vello, pois tiña noventa navidás riba d' o lombo, y-o señor abade tiña un sancristan que lle levaba a dianteira en anos.

Ambos e dous vellos tiñan as suas chocheiras. O señor abade inda non ben acababa de misar, púñase á tomar o chocolate n-a sancristía, pois de non tomalo non tería forzas pra volver á reutoral, porque se ll' esvaía o estómago, e tiña que ll' o facer o sancristan, pol-a mor de que a señora ama que andaba tamen encontr' as ancollas, sempre chegaba tarde.

Non se queixaba o sancristan d' o traballo, pois á Dios gracias gabábase de se rexir pol-a sua mau, d' andar lixeiro como si fora mozo, e de non sentir en pouco nin en moito, o peso d' os seus noventa e piques, pois xa perdera a conta d' os anos que tiña, canso de botala pol-os dedos e de facer memoria d' os tempos d' á infancia. Pro si non daba quei-

xas polo traballo, rosmaba com' un can de palleiro por se ver n-o caso, sendo nembro d' a eirexa con merecementos d' abondo, pois *nacéranll' os dentes entr' os santos*, de que o puxese o señor abade con tan poucos escrúpulos, e sin cirimonias, n-o compromiso de facer de cociñeiro. ¡Aquele púñao d' un xenio enrabechado! Cando él coidaba que o iban á nembrar calóndrigo d' unha catredal—porque leera n-un libro que se fan os calóndrigos d' os qu' envellecen n-o servicio d' as parroquias—verse n-o caso d' alender o lume n-un curruncho d' a sancristía, de s' eslumar á coidados pra que a leite non se puxese aceda, e de lle dar voltas e revoltas ô morenillo pra que o chocolate saise ben feito, era pr' él o mais grande d' os sacrificios, a mais croel d' as agunías, o desconsolo mais fondo. Moitas veces tivo mentres de s' arrepoñer, de lle falar en prata ô señor abade, de s' esquecer d' as campanas e d' os santos e de se meter n-a sua chouza, inda que n-ela morrese â mioca; mais sempre viña á conto esgurichal-as vinxeirias, e de cando en vez cadraba probar o viño e' o gallo de saber si tiña pique e n-as pinguiñas alcontraba o sacreto pra escorrentar as tristuras. «Tefiamos pacencia, decía pra contra sí; este pícaro mundo témolo qu' ir pasando á tragos e non é xusto perder por unha arrautada os servicios de tantos anos. Xa non lle rixe a cabeza ô señor abade. ¿Qué sería d' él si se vise n-as maus d' un sancristan novo?» Ademais, ben mirado non habia razon pra s' anoxar, pois â forza de debanar os meolos, sacaba en limpo que o facer o chocolate n-a sancristía pra un señor abade tan vello y-acabadiño, non pasaba de ser unha obra de misericordia, e n-o tocantes ôs escrúpulos que sentía o seu amor propio porque o tomasen por cociñeiro, jarrenégote demo! á ninguén se lle pasaría pol-as mentes, porque nin os cociñeiros facían chocolate n-as sancristías, nin deixaría de ser en ningures o

facelo mais q' unha caste de *cociña eclesiástica*, cousa que non desdecía n-un sancristan, afeito dende pequeniño ó goberno d' as cousas íntimas d' a casa de Dios.

Por un si acaso, n-as contas que botaba o sancristan non s' esquecía de levar pra sí unha farangulla de chocolate; pero como n-o camiño d' a perdicion van os homes mais apresa d' o que deben, o xefe d' a sancristía de San Miguel d' o Campo, escomenzou por rillar un anaquiño d' a castaña d' o chocolate, e tan ben lle sabía, caía tan de fuciños n-a tentacion, que acabou por rillala metá por metá. Non que non; ¿pra qué logo Noso Señor lle conservaba ós seus noventa e piques os dentes n-as encías?

O señor abade, que anque perdera os dentes gardaba us ollos avispados y un paladar refinado, foi caíndo n-a conta d' as contas d' o sancristan, e non se sabe si se deprocatou de que ll' a xogaba tomándolle o cholate *en seco*, á xuzgar pol-o mollado qu' él tomaba, e canso de calar estreveuse á darlle as queixas.

O sancristan viu a *tostada* d' o dito e comeuna, respondéndolle solamentres «que se levaría d' o chocolate.»

Non lle compraceu o dito ó señor abade, pro tamén comeu a partida, agardando á collelo *infraganti* n-aquela *peccata minuta*.

A boa parte iba c' o sancristan, qu' era d' os mais marrulleiros que alcendian velas e repinicaban campanas n-as feigresías d' a nosa terra.

Dende aquela, en acabando de rillar o chocolate, botaba un trago d' auga pra que non quedase niu rastro nin cheiro n-a boca.

—Bótame o alento—díxolle de súpito unha mañá o señor abade. O sancristan botoulo, e pra que vise o señor abade que non ll' as daba, foise ó curruncho d' a sancristía, colleu a chocolateira, e

díxolle cuasque enrabechado: Dispense, señor abade, dispense e perdone; cando se ll' antoxe saber por onde anda o seu chocolate, pídamе a chocolateira e non me pida que lle bote o alento.»

—Tí érel-o demo, home—repicoulle o señor abade.—¡Vaya que por pouco t' anoxas!

Díxolle aquilo pra non escorrental-a lebre, convencido de que as lebres de sancristía non can n-a trapa; pro fixo mentes de lograr pol-as indireutas que non volvese ô bezo d' o chocolate.

Así foi que por unha tempada estivo dicíndolle ô sancristan dempois de se desaunar: «Hoxe rezámoslle á Santa Clara.»

II

—¡Santa Clara! ¡Santa Clara! Non deu en mala trécola o señor abade pol-a mor de me sair raro o chocolate. ¿Qué culpa eu teño de que non-o fagan como Dios manda? ¿Pra que me fai facer estas angueiras, que ademais de seren noxosas non estou afeito á elas? ¡E sempre n-a mesma! «¡Tí érel-o demo!» dime si os mandiques non lle san á xeite, e «Hoxe tamen se reza á Santa Clara,» si o chocolate non sai espeso—escramaba o sancristan de San Miguel d' o Campo, pensando á solas n-as agarradas que por costume tiña c' o crego d' a parroquia.

Unha vez que s' alcontraba axudándolle á misa, e' o pensamento n-a chocolateira posta ô lume n-un currecho d' a sancristía, reparon n-o demo que facia deitado ôs pés de San Miguel, e sin que se dise conta d' a razon, cicais de relaxado, non lle pareceu tan infernal e malo como lle parecera n-os trinta anos e piques que levaba n-a eirexa consagrado ô servicio de Dios, e levado pol-a tentacion lembrouse

d' o dito d' o señor abade «¡Tí erel-o demo!» e si non lle colleu cariño, porque como bô cristiano arrenegaba d' o demo, fixo propóseto de miralo con mellores ollos e d' atendelo con mais coidados.

O probe sancristan mirábase ô espello, cavilando n-o dito d' o abade, e inda que non topaba xiquera pelos de comparanza n-o seu rostro c' o d' o príncipe d' os infernos, metéraselle n-a cabeza que debía telos, porque senon, ¿á qué viña o que lle dixese o señor abade tan á miudo «Tí erel-o demo?»

Esta idea traballáballe n-o cerebro pol-a noite, pol-o dia, esperto e dormindo. Prendía n-o sono, e soñaba ¡Ave María Purísima! que s'alcontraba arrendo n-os infernos. Andaba pol-a eirexa ou pol-a aldea, e cantos faguían a sinal d' a cruz ô pasar pol-a súa veira, antoxábaselle pensar que o arrenegaban.

Non tiña volta, ou se lle metera un meigallo n-o corpo, ou lle botaran unha pauliña.

¿Cal d' as duas cousas era? ¿Quén fora? Cuasementos que se volvería tolo dinantes de sabelo.

Alritábase o señor abade sempre que lle puña o chocolate craro, e non iba fora de camiño, porque dende que o sancristan dera en rillalo á secas, o señor abade tomaba o chocolate á medias. Pro sacarlle ô sancristan aquela lambiscada pol-as mañás, dempois d' afacerse á ela, sería o mesmo que matalo. ¡Emprestáballe tanto!

Si tiña un meigallo n-o corpo, era un meigallo de perendengues e campaiñas, cuasque un meigallo señorito, pois non podía pasar sin o seu chocolatiño en crúo. Si lle botaran unha pauliña, enton era outro cantar. Algun nemigo d' a eirexa fixera pauto c' o demo pra lograr que o sancristan caise n-a tentacion d' a gula.

Pol-as trazas, sacaba en limpo dempois de cavilar pol-os cavilares, que non podía ser o señor abade o que fixera a falcatrúa, promeiro porque os d' a

cras, de teren tratos téñenos co-as ánemas, e dempois porque fora tolería que se valesse d' aquilo pr' atentar contra o seu estómago, que ô fin quen-as iba pagando, fose meigallo ou pauliña eran as castañas d' o chocolate.

E de non ser o señor abade, ¿qué lles iba nin lles viña ôs d' a parroquia, non sacando como non sacaban cousa de proveito?

A enteirárense os feigreses d' o formigueiro de pensamentos que lle bulían n-a chola, ouberan dito que ô sancristan non lle rexía a cabeza, que andaba venteado, ou pol-o menos que se lle metera un vërme n-os meolos; pro as cousas pasaban en sacreto e ninguén estaba n-o allo.

Unha noite ô ir â sancristía pol-as chaves d' o campanario pra tocar á morto, â luz d' a lámpara alcesa, diante por diante d' o altar maor, víu brilar de súpito unha cousa n-as maus d' o atafegado Santanás. Aquel brilar firíulle os ollos como si fose un lóstrego.

Outro que non fora él, fuxiría como a lebre d' os galgos; mais como dende neno s' acostumara á andar pol-a eirexa sin medo á defuntos nin á pantasma, sintíuse atraído pol-a curiosidade, alcendeu un cabucho e foi á enteirarse d' o qu' era aquilo que brilaba.

¡Nunca tal viral O príncepe d' os infernos tiña n-o medio e medio d' a palma d' a mau direita unha peseta n-unha roda, posta de xeito que parecía que ll' estaba dicindo: «Estrévete hom, non sei que xuncras agardas, doucha pra que merques con pouco mais que poñas, unha libra de chocolate.»

E non se fixo de rogar: tomou a peseta d' as maus d' o demo, dicindo pra contra sí en vez de *Vade retro Sátana*, un riseiro e trouleador *Aliquid chupatur*.

Non deixou de sentir os seus escrúpulos de concencia dempois de collela, pro logo se ll' espa-

vorentaron os remordementos, pensando que non ll' a roubara a ningun santo nin á naide, que non a sisara d' o peto d' as ánemas, e sobre todo, que o demo é d'ño de facer d' os seus cartos o que lle prace como calquera fillo de veciño. ¡E como ll' os amostrara d' aquela maneiral...

Dende aquela o señor abade adivirtíu por oito dias que o chocolate saía ben feito, e díulle os laudes ô sancristan dicíndolle con aloumiñeiro acento: «Gracias á Dios, home, que lle deche c' o tempero á chocolateira!»

O sancristan lonxe de se gabar d' o dito, contan que sin saber nin pensar o que falaba, rosmou entre dentes: «Sí, sí, gracias á Dios, ¡gracias ô demo, señor abadel»

Adivirtiron tamen os feigreses que á maores d' as catro velas que s' alcendian n-a misa d' a parroquia todol-os días de festa, ardía un cabucho diante por diante d' o patrono San Miguel.

Aquel cabucho non ardía á tontas nin á loucas, que ardía pol-a intencion d' o sancristan, que non era outra que obrigar ô que s' alcontraba ôs pês d' o Santo, á qu' en pagas d' o agasallo repitise á donacion d' a peseta n-unha peza pr' o chocolate.

III

O cabucho ardía, pro derretíase a cera sin secuencias: o príncepe d' os infernos non volveu amostralle n-a palma d' a mau nin tan xiquera unha pêza de cobre.

O chocolate volveu á debercer; o señor abade volveu á queixarse de que ll' o facía raro, e volta ás andadas; o sancristan de San Miguel d' o Campo

tiña que soste total-as mañás unha agarrada pra disculpar as furtadelas que, atentado pol-a gula, facía n-o chocolate.

Aquelo non levaba xeito.

‘A forza de cavilamentos escomenzou á mirrarse; púñase vello á paso de can, como lle decían os seus amigos.

O señor abade reparou tamen n-o debecemento d’ o sancristan. Seica te viu o demo ou non ch’ empresta o chocolate—díxolle secamente.

Sorprendido n-o seu sacreto, coidando que non se lle despintaban ô señor abade os tratos íntemos que traguía c’ o demo, relaxouse, e de relaxado resolveu pasarse á maores, sair d’ aquela condanada situación que lle trastornaba o xuício, e pol-a promeira vez d’ a sua vida, sin s’ encomendar á Dios, fixo propósitos de s’ entender c’ o demo, chegando á facerlle, si fose preciso, escritura d’a sua alma, posta en letras feitas co-a punta d’ unha agulla mollada n-a sangue d’ as veas.

Pra que seus sentimentos relixosos non padezan, hay que decilo sin arrodeos: o sancristan de San Miguel d’ o Campo, volvérase tolo.

Enton foi cando escomenzou os traballos pr’ asegurar o pauto.

Tiña o demo un furuncho n-o medio e medio d’ a testa, e tronzouullo c’ unha trencha. A punta d’ a espada d’ o Arcanxel metíasele n-a boca d’ o ánxel d’ as tréboas, e alá como poido, pouquiño á pouco pra que non reparasen os feigreses, alá se foi gobernando de maneira que a punta d’ a espada fose á pousarse arrente d’ o pescozo.

Facia somellantes angueiras sin escrúpulo de concencia, pois botaba estas contas: «¿Qué gana o Arcanxel con que o demo apareza co-a espada n-a boca como si quixera engulila e non poidera? ¡No ser! pra pílora pasábase de longa, pra castigo, ¡o aire! as tragadeiras de Satanás son d’ aquelas que o

mesmo tragan un espeto que unha tallada. Ademais, ¿non están os cristianos fartos de saberen que San Miguel pode mais que o demo? E poucas gracias, porque si pode é porque Diol-o manda, que de non mandalo... alá veríamos.

N-a festa d' o patrono, así como quen non fai nada, sin que ninguén se deprocatase, porque o Santo apareceu coberto de ramos, o sancristan de San Miguel d' o Campo, puxo unha coroa de froles entr' as cornas d' o demo.

A imáxen de Satanás d' aquel xeito amostrábase menos medorenta que de costume.

Calquera ô velo, inda que o conecese, dubidaría denantes de lle facer a sinal d' a cruz pr' arrenegalo.

O sancristan, pol-a calada, gozábbase n-o feito, discurrindo que con tales agasallos tiña mais d' a mitá d' o camiño andado pra pautar c' o demo, sin deixar empreso de servir á Dios.

IV

Certo dia déronlle aviso ô sancristan de que o señor abade, que fora á visitar un enfermo, precisacion. Non se fixo de rogar. D' a parroquial hastr' a casa d' o enfermo tiña que andar a carreiriña d' un can, solamentres a carreiriña d' un can, pro sabendo por esperencia que somellantes carreiriñas non son pr' andadas alancando, c' o gallo de coller á-nemos, de camiño que foi pol-os Santos Oleos á sancristía, escurrichou as vinaxeiras.

Apardecía. Emprende o camiño á solas con seus endiañados pensamentos. N-a metá d' o viaxe colleuno unha tronada sendo xa noite. «¡Vay habela

boa n-a parroquia por non tocar as campanas pra escorrentar os tronos! Hoxe choven rayos e centellas»—escramou.

Alcendeu o farol e seguíu andando.

Súpitamente parouse, como se paran as bestas cando lle ven as orellas ô lobo. Tiña que pasar un pontillon; unha trabe de castiñeiro que s' estrivaba en dous penedos erguidos âs duas orelas d' un río de mansas correntes, pro que co-as augas d' a tornada ruxian com' un mar alritado, facendo retremar o cativo madeiramen d' o pontillon.

O pasálo púñalle medo, pro facendo a sinal d' a cruz, resolveuse.

Escomezou á camiñar como si camiñase por unha corda sobre d' un abismo: tremábanlle as pernas como treman os vímios azoutados pol-a nordesía.

Lembrouse de Dios e de Santa Bárbara, pro non quixo esquecerse d' o demo. A cada paso que daba n-o peligroso camiño, dicía quedo, tan quedo que nin o seu ánxel d' a garda poidera oubilo: «Dios é muy bô, y o demo..., o demo..., o demo..., o demo non é malo.»

Falando d' aquela maneira parés que respiraba con mais libertade, pois si tiña cega confianza n-a gracia de Dios, non-as tiña todas consigo n-o tocantes á que o demo lle deixara de facer unha d' as suas n-aquel mal paso.

N-o medio e medio d' o pontillon sintiu que lle fraqueaban as forzas; pousou a linterna, pro cando se dispuña á erguerse pra tantear o peligro, barréuselle a vista, esbaráronlle os pês e caíu n-o río. Tal foi a caída, que non solamentres non volveu á levantarse sinon que o seu corpo sumíuse pra non aparecer en ningures.

Algús camiñantes que alí chegaron á pouco e que non s' estreveron á pasar o pontillon, viron atónetos suspensa n-o medio e medio d' os abismos unha luz, esmorecente com' as lámparas d' os se-

pulcros. Era o farol d' o sancristan de San Miguel d' o Campo.

Aquela luz era cousa de bruxería, non tiña volta.

Cand' os veciños d' a parroquia se porcataron d' a desgracia e dempois de que foron pasando meses e meses, caíndo n-a conta d' os agasallos que lle facía o sancristan ô demo, déronse á propagar as noticias mais estranas e supersticiosas.

O sancristan de San Miguel d' o Campo tiña feito pauto c' o demo, y-a noite aquela en que caíu d' o pontillon pra non aparecer mais, á pê feito iba botarse de solago pra recoller un rico tesouro que facía n-o fondo d' as augas.

Outros, pol-a contra, xuraban e perxuraban que o sancristan morrera n-a gracia de Dios, pois fórbase pr' o outro mundo con todol-os sacramentos.

O conto foi que dend' estonces, diante por diante d' a imáxe de San Miguel ardian mais velas que de costume.

O número d' os servidores d' o ánxel d' as tré-boas creceu axudado pol-a sona que deixara o pauto que supuñan feito pol-o sancristan.

Os perseguidos pol-a xusticia, pol-a usura, pol-a miseria; os que á forza de traballos nunca lograban vérense libres d' os rédetos e d' a fame, todol-os que se contaban perdidos pra sempre c' os bês embarcados, c' os fillos famentos e sin esperanzas de millorar de fortuna, arrastrados pol-a desesperacion dábanse á pensar n-o tesouro que o príncepe d' os infernos lle pormetera ô que consideraban que co-él fixera escritura de pauto.

N-aquela tempada non pararon as peneiras d' andar ô redor sobre d' unhas tixeiras n as maus d' as sábias consultadoras d' o porvir e maestras n-os negocios d' os meigallos e d' a bruxería.

Non habia caso, pois n-elo conviron á unha todal-as intelixencias supersticiosas d' o vulgo. Pra dar c' o tesouro cobizado habia que pasar inda ben

non soaran as bateladas d' as doce d' a noite, polo peligroso pontillon que deron en chamar o «Pontillon d' o Demo.» E habia que pasar de presa e correndo, pois de non facelo así, espúñanse á unha morte certa os que o pretenderan.

Dend' aquela o pontillon parés que se volveu un móustro co-as fauces sempre abertas pra engulir vítimas. Os vergonzantes servidores d' o demo, como si o pontillon fose un cebo pr' as suas almas, caían d' él embaixo como can os paxaros n-a gayola.

Caeron tantos que foi preciso que os desengañados fosen moitos e que se fixese un ponte de pedra pr' atallar aquela caste d' invasion supersticiosa que traguía contaminados á todol-os veciños d' a feigresía de San Miguel d' o Campo e d' as d' os arredores.

D' esta maneira paga sempr' o demo á quen o sirve.



ÍNDICE.

	<u>Páxinas</u>
O gaiteiro de Rianxo.....	9
As tres misas d' o galó.....	15
A xusticia de Goriño d' a Estrada.....	25
O sancristan de Vilela.....	31
Alma en pena... requirote.....	39
As mulleres de Calvelo.....	43
O abade de Carballeira.....	49
As mozas gallegas.....	55
A tia Sabel d' o Pereiro.....	65
Os graxos d' a Burga.....	71
O santo d' os croques.....	79
A gaitoterapia.....	81
Xan Brencellao.....	87
O zapateiro de Cangas.....	91
Barberías ô aire libre.....	95
A d' o dengue.....	101
Como se fan os pedáneos.....	105
O animeiro.....	111
Como paga o demo á quen o sirve.....	119

100
100





BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO



01541859

